

BALLESTEROS DEL MAZO

José Manuel Bértolo Ballesteros
josebertolo@estudioshistoricos.com

ÍNDICE	páx
I.- Introducción	1
II.- Os “Ballesteros del Mazo” composteláns	3
III.- O pazo de Tarrío (Dodro)	8
IV.- O pazo da Golpilleira en Vilagarcía	20
V.- Casas fidalgas de Monteagudo (Codeseda) e de Ribela	34
VI.- Apéndice. Manuel Ballesteros Gil	47

1.- INTRODUCCIÓN.

O oficio de “balletero” (besteiro) fai referencia aos soldados que manexaban a bésta. Máis tarde ese oficio evoluciona e así en Santiago de Compostela vemos que no século XVI os rexedores nomeaban ao seu servizo a uns “ballesteros”, cuxas obrigacións descoñecemos, pero que quizais nun principio coidasen das escopetas e arcabuces dos rexedores e lles asistirían nas súas cacerías. Por unha relación feita no Consistorio de Santiago en 1534 ser “balletero” era unha especie de maceiro (portador dunha maza, que aínda se ve nos concellos importantes), cargo honorífico, e que se extinguirá no último terzo do século XVI. A última referencia¹ escrita sobre estes ballesteros data de 1564.

En Cantabria na “Junta de Cesto” da Merindade de Trasmiera houbo un barrio chamado dos Ballesteros (hoxe en día, Beranga), relacionado con este oficio, ao igual que na Coruña ou noutras cidades hai a rúa de Curtidores, Panadeiras, Pelamios, etc. Este lugar de Ballesteros deu orixe ao apelido. En efecto, para identificar mellor a seu usuario, ademais do apelido patronímico, utilízase tamén o apelido derivado do lugar de orixe sobre todo a partir do s. XIII.

O apelido pronto se estendeu pola val do Meruelo e bisbarra e despois a outras partes de España. E así os Ballesteros que aparecen en Galicia no século XVI proceden do Meruelo, onde había moitas familias de campaneiros e comerciantes que estenderon o seu labor por todas partes da xeografía española² como, por exemplo, uns Ballesteros que traballan a finais do s. XVI en Ourense. Trátase dunha familia, cuxo oficio é facer campás, composta por Pedro, Lope e Francisco, fillos de Francisco de Ballesteros e de Juana Hernández de Anzillo, *naturais da val de Meruelo (Cantabria)*, berce de outros

¹PEREZ CONSTANTÍ, P., (1998) *Linajes galicianos*. Ed. Consorcio de Santiago, Santiago de C.

²Daquela a campá tiña unha función moi importante: “*Laudo Deum verum, populum voco, cogrego clerum, defuntos ploro, fugo fulmina, festa decoro*” (alabo ao verdadeiro Deus, chamo ao pobo, congreso ao clero, choro aos difuntos, fago fuxir aos raios, honro as festas).

moitos mestres campaneiros, como Juan de “Rabalcaba” que fixo a campá de Santa María de Bóveda. Estes mestres campaneiros teñen un nivel cultural superior á media dos artesáns galegos, só equiparable cos prateiros, e todos saben firmar cunha excelente caligrafía. Un deles, Francisco Ballesteros, fabrica campás para as igrexas de Allariz, Maside, Trives, etc., e ata se lle encarga o 12 de setembro de 1579 a campá maior da Catedral de Ourense.

En Ourense traballa outro campaneiro chamado Lope de Ballesteros, que exerceu en Ourense e logo en Santiago, onde en 1587 se lle encargou³ unha campá para a igrexa de Sta. María de Rubiáns (Vilagarcía). Xa cuns 50 anos casou en 1598 con Constanza Bermúdez de Castro, da *casa grande de san Paio de Figueroa* (A Estrada)⁴, onde o matrimonio mandou erguer un cruceiro, segundo consta no seu pedestal.

Tamén vive en Santiago a partir de 1561 outro campaneiro de apelido Ballesteros, que serve de inicio ao noso estudo e que seguramente está relacionado cos de Ourense. Trátase do campaneiro *Juan Ballesteros*, que unhas veces aparece apelidado como **Ballesteros del Mazo** e outras como **Ballesteros Rubalcaba**. *Rubalcaba* é un lugar sito en Cantabria e que como outros moitos topónimos tamén chegou a converterse en apelido.



Escudo dos Ballesteros en Villanueva de los Infantes

E en Cantabria, entre San Miguel de Meruelo e San Mamés de Meruelo atópase o lugar de **El Mazo**, o que nos leva a pensar que *Juan Ballesteros del Mazo* ou *Rubalcaba*, ten tódalas papeletas para ser orixinario de Cantabria, máis exactamente, de El Mazo. De aí que unhas veces apareza como Ballesteros del Mazo, expresando o lugar da orixe, e outras apareza co seu segundo apelido, Rubacalba.

O apelido Ballesteros extendido na bisbarra de Ourense e Santiago non deriva, pois, dunha castelanización do nome Besteiros, senón que procede directamente do castelán, neste caso, do seu uso en Cantabria.

Entre os Ballesteros de Cantabria hai algúns que probaron a súa fidalguía. Así por exemplo de Meruelo era Bartolomé Ballesteros nacido o 30 de agosto de 1709, cun fillo chamado Francisco que, nacido o 6 de outubro de 1740, probou a súa fidalguía en Valladolid. Tamén cabe mencionar que no século XVI existen Ballesteros con avoengo noutros lugares, como en Villanueva de los Infantes (Cidade Real), onde aínda podemos ver varias casas nobres co seu escudo.

³AHUS Protocolos de Gregorio Vázquez Giráldez, 1587, páx. 123.

⁴BERTOLO, J.-FERRO, L. (2012) “A casa grande de Bermúdez de Castro”, Rev. Nalgures.

2.- OS “BALLESTEROS DEL MAZO” COMPOSTELÁNS.

Non parece que a primeira xeración dos Ballesteros que atopamos en Santiago sexan fidalgos, pois o seu oficio era o de campaneiros e comerciantes. Logo, quizais por unha economía saneada ou a través dos seus matrimonios, enseguida chegan a ser “*de oficio caballeros*”⁵ e comezan a utilizar o escudo de nobreza da familia, por exemplo, na segunda metade do século XVII no pazo de Laíño.

Chegaron a ser rexedores, avogados, consultores do Santo Oficio, militares, etc., o que representaba unha fonte importante de ingresos, pero a súa economía, como foi habitual nestes momentos, acrecentouse grazas á compra e aforamento de terras, coas súas casas e os seus anexos como muíños e batáns, así como con préstamos hipotecarios ou censos, que van engadindo ao morgado e vínculo fundado en 1608 por Antonio Ballesteros. É por iso que dito Antonio na escritura de fundación recomenda aos seus sucesores que invistan todos os anos unha cantidade de diñeiro en mercar terras para aforar, o que lles permitirá ser donos dunha enorme cantidade de bens. Outra cousa que coidan é a elección dos seus matrimonios, tanto polo dote que aportaban ao matrimonio como polas relacións sociais que podían aportar.

O primeiro dos Ballesteros composteláns, proveniente de El Mazo, foi:

JUAN BALLESTEROS DEL MAZO ou **RUBALCABA**, de profesión campaneiro, quen en 1563 fixo⁶ unha campá para a igrexa de San Xoán de Sabardes en Carnota. A súa esposa chamábase **Catalina Rodríguez de Ribera** e vivían nunha casa arrendada na rúa de Mazarelos en Santiago e logo nunha propia nos Chouchiños (xunto á ponte da Rocha). O 3 de outubro de 1561 xunto coa súa muller fixo foro dunhas importantes terras (82 ferrados), varias casas e dous muíños na zona dos Chouchiños e outras na Choupana, propiedade do arcebispado, a cambio de catro cargas e media de centeo⁷. En novembro de 1569 mercou a Jácome de Chouchiños, labrador, veciño de Conxo, o dominio que tiña sobre o lugar de Chouchiños, aforado pola mesa arcebispal de Santiago por 140 ducados. Logo pediu permiso para facer nesas terras unha casa de pedra con baixo e un piso.

Morreu Juan nos primeiros meses de 1570, xa que seu fillo Antonio, ao facer novos contratos en abril dese ano, di que seu pai está defunto⁸. Catalina foi enterrada na capela de N^a Sra. do Rosario en Santo Domingo de Bonaval (Santiago). Foron pais de:

1.- **Antonio Ballesteros del Mazo** (*que segue*)

2.- **Julia de Castro**⁹, que non levaba ningún dos apelidos de Juan ou de Catalina. Casou en 1562 con Bartolomé de Rivas, escribán de Terra de Quintá, sendo dotada con 300 ducados e vestidos polo cóengo Juan López de Sanjuan e polo prior Pedro García. Ambos cóengos tiñan en común que eran os testamentarios do cóengo compostelán Tomás de Castro, que faleceu en 1553. Isto mostra unha relación afectiva entre o cóengo Tomás de Castro e Julia, non descartando que puidese ser a súa filla.

Unha vez viúva e unida en matrimonio con **Pedro Núñez Monteagudo**, viúvo de Isabel Rodríguez¹⁰, o 7 de novembro de 1579 reclamou o pago do seu primeiro dote a

⁵ ADS. Libros sacramentais da parroquia de Ribela (A Estrada).

⁶ ACS. 032/1, fols. 73r-74r

⁷ ARG.RA 15329/3

⁸ ACS 048 fols 88r-90vbis.

⁹ Nunha ocasión aparece como Juliana Fernández de Castro: ACS P027 fol. 83.

¹⁰ Isabel Rodríguez foi dotada o 31 de decembro de 1558 para casar con Pedro Núñez. (ACS P 026 fol. 242). Era filla do cóengo de Lugo don Grabiél Rodriguez de Casal de Raros, do pazo de Preguecido, e de

Bartolomé Pérez de Sanjuan, sobriño e herdeiro do cóengo Juan López de Sanjuan¹¹.

Pedro Núñez en outubro de 1584 xa falecera, tendo nomeado testamentario ao cóengo Juan de Castro, parente do xa citado cóengo Tomás de Castro¹².

Pouco despois, sobre 1591 Julia casou con *Luís Bermúdez de Castro e Aldao*, da “*casa grande dos Bermúdez de Castro*”¹³ en San Paio de Figueroa (A Estrada), fillo de Juan González Figueroa e Inés Álvarez Bermúdez, e que tiña un fillo chamado Diego dun primeiro matrimonio. Dito Diego o 9 de agosto de 1595 di que “*habiendo el dho Luis Bermudez ynbiado a Ana de Castro hixa de Julia de Castro su mujer al su lugar de la Puente Sarandón a coger y beneficiar el pan que tenía y en su compañía a Dominga das Carballas su criada [...] es venido a mi la noticia que Bartolomé Núñez vecino de dho lugar de la Puente de Sarandón [...] a la sobredha con una espada que llevaba en la mano le dio una gran herida en la cabeza muy peligrosa...*”¹⁴, polo que pediu ao xuíz investigar dita agresión contra a criada.

Julia fixo testamento e finou a mediados de agosto de 1617. Froito do seu segundo matrimonio¹⁵ foron:

a.- *Ana de Castro*, que casou sobre 1600 co boticario e home de negocios *Benito Campelo*¹⁶, viúvo de María de Montaos, veciño de Santiago, pero natural de San Mamede de Berreo (Trazo.Ordes). Fundaron o *pazo de San Bieito* en Ponte-Sarandón¹⁷ (Ribeira. A Estrada). Tiveron dous fillos:

-*Jacinto Campelo Castro*, esposo de *Isabel de Ponte Andrade*, tivo por fillo a outro Jacinto Campelo que casou con ***María Ballesteros Pimentel*** (ver páx. 18).

-*María de Castro Bermúdez*, que casou primeiro co escribán *Juan Gosende*¹⁸ e logo con *Andrés García de Seares*, viúvo de Helena Méndez. Ditos María e Andrés fundaron o *pazo de Arretén*¹⁹. Un fillo de María, *Benito de Castro*, e unha filla de Andrés, *Helena Seares*, froito de cadanseu primeiro matrimonio, casaron e foron os tataravós de ***Rosalía de Castro***.

b.- *Andrés de Castro*, que foi cura de San Miguel de Arca e de Santo André de Souto, cuxo beneficio pertencía á casa de Gondar (Xeve), é dicir, da familia do seu padraστο, que era neto de *Luis Bermúdez de Castro*, (Xeve, 1470-1555) e de *María Siso Ibias*, señores de dita casa de Xeve.

c.- *María de Castro*, uniuse en matrimonio con *Domingo González Trabada*, prateiro en Santiago, que fixo entre outras un viril de prata para o cura de San Paio de

María Criada, que logo casou co escribán Pedro de Prado.

Pedro e Isabel tiveron dous fillos (ARG.RA 25052/48), Juana Rodríguez e *García Núñez*, escribán, fundador dun morgado en Ponte Sarandón, de quen descende o escritor Marcial Valladares Núñez. Cfr.: FERRO, L.-BERTOLO, J.M. “Casa dos Araújo na Ponte (Ribeira. A Estrada)”, Rev. *Nalgures*, 2013

¹¹ ARG.RA 25419/6

¹² ACS 090 fol. 509r

¹³ BERTOLO, J.M - FERRO, L.M. (2020) *Torres, pazos e casas fidalgas da Estrada*. <http://www.museo.aestrada.gal/>

¹⁴ AHUS. Protocolos de Diego de Castro.

¹⁵ Algunha vez os seus sucesores usan o apelido Bermúdez de Castro, quizais por non saber e polo prestixio que tiña esta familia.

¹⁶ http://www.estudioshistoricos.com/wp-content/uploads/2018/11/botica_compostela-de_benito_campelo_1596.pdf


¹⁷ Hoxe en día reconécese este pobo como “A Ponte”, para non confundilo co que está enfronte.

¹⁸ Fillo do capitán Alonso de Gosende, o irmán de *Juan Gosende* quen acudiu co seu fillo chamado tamén “capitán Alonso Gosende” a defender Santiago e A Coruña contra os ingleses. Era natural de Cerdedo, máis concretamente do pazo de Raposeiras, fundado seguraente por este Juan Gosende, e de quen descende o P.Sarmiento.


¹⁹ O *pazo de Arretén* é citado no cantar “*Como chove miudiño*”, pois alí naceu e viviu a nai de Rosalía de Castro.

Figuroa (A Estrada)²⁰. Cando quedou viúva, seguiu co negocio do seu home, e así por exemplo en 1632 fixo unha cruz de prata para San Xoán do Campo (Ordes). Foron pais de *Domingo González* e de *Jacinta de Castro*.

ANTONIO BALLESTEROS DEL MAZO. Naceu probablemente en 1552 pois en febreiro de 1583 di ter 30 anos²¹. Aparece ás veces como *Ballesteros Rubalcava*, segundo se constata nun preito de 1590 contra o comerciante Juan Leba, de Codeseda, a causa dun préstamo de 600 reais. Antonio asina como *Antonio de Ballesteros*, con B, excepto nos últimos anos²² en que a imitación do seu fillo Mateo o fai con V.



Sinatura de Antonio Ballesteros en 1602



Sinatura de Antonio en 1617

Segundo outro preito, Antonio tamén lle prestou 1.299 reais ao comerciante Pedro de Cerceda, veciño de Santiago, quen o reconece no seu testamento do 26 de agosto de 1620 e deixa a Antonio como un dos seus testamenteiros.

A súa muller foi **María de Cardama**, que foi dotada²³ polo seu parente, o racioneiro *Juan de Cardama*, con trescentos ducados, vestidos e xoias, polo que se entregou carta de pago o 16 de setembro de 1580. Eran veciños do barrio de Mazarelos extramuros da cidade de Santiago, se ben María é, sen dúbida, natural da parroquia de Cardama (Oroso) onde o matrimonio tiña o *pazo do Pedredo*, casas e terras, o cal fai pensar que “de Cardama” sexa un topónimo, ao igual que “del Mazo”, que co tempo se transforma en apelido. Ademais nalgunha ocasión aparece co apelido “Carbias”.

En 1584 era o mordomo do “*mayordomazgo de Tabeirós por el illmo arzobispo de Santiago*”, polo que arrenda diversas sinecuras e outros.

En maio de 1591 fíxose un poder outorgado polo colexio de racioneiros de Sanctus Spiritus na igrexa de Santiago a favor de Antonio de Ballesteros, “*comerciante, vecino de Santiago*”, para que no seu nome puidese cobrar todas as rendas pertencentes ás tenencias de dito colexio.

En 1594 era procurador xeral de Santiago²⁴.

O 2 de outubro de 1608 o matrimonio fundou vínculo e morgado de varios bens por escritura ante Pedro Díaz de Valdivieso²⁵. Neste documento enuméranse polo miúdo as casas e terras que compraran persoalmente, das cales tiñan os documentos de compra pertinentes, e a quen e por canto as tiñan aforadas. As súas posesións estendíanse por Forcarei (en A Ponte e en Chamosa), Santa Cristina de Vinseiro, Laíño, Rianxo, Ribadulla, etc., reportándolles pingües beneficios. No vínculo inclúen tamén algunhas terras que mercaron co seu fillo.

Na escritura da fundación do vínculo áchanse varias cuestións interesantes. Por exemplo, mandan que os sucesores se gasten 1.000 marabedís anuais en comprar novas terras, a fin de que o vínculo siga crescendo, excepto se teñen gastos extraordinarios por

²⁰ACS 14. Fol.348r-348v.

²¹AHUS Protocolos de Alonso Vázquez Varela, 1583, páx. 75

²²ARG. RA 3337/105

²³ACS P 078 fols. 389r-390r

²⁴AHUS Protocolos de Gregorio Vázquez Giráldez.

²⁵ARG RA 27357/2

casamento das fillas, estudos dos fillos (deben darlles estudos aos fillos e aos irmáns que non sexan sucesores), preitos ou outros. Tamén recomendan que non teñan preitos entre eles, senón que acudan aos priores dos mosteiros de S. Francisco, S. Lorenzo e Santo Domingo en Santiago a fin de que “*con consejo de un letrado de ciencia y conciencia*” se resolva, sen que logo poidan apelar.

Outra cuestión é que primeiro herdán os fillos lexítimos, o maior sobre o menor, logo as fillas lexítimas, logo os lexitimados, *os fillos naturais* e por último os bastardos, aínda que fosen adulterinos ou incestuosos; e de non habelos pasarían á rama máis próxima; tamén se di que os sucesores no morgado non poden cometer delitos de lesa maxestade ou similar nin han de casar con varón ou muller *que sexa notado de descendentes de xudeus*, mouros ou herexes, nin reconciliados nin novamente convertidos aínda que sexa co transcurso de milésima xeración, cuestións de suma importancia no futuro, como veremos.

No Arquivo Catedralicio de Santiago consérvanse uns douscentos documentos sobre as actividades económicas de Antonio, que chegan ata o 12 de decembro de 1617.

Antonio asinou o seu testamento²⁶ o 14 de abril de 1620, onde di que quere ser enterrado na capela de Nª Sra. do Rosario en Santo Domingo de Bonaval (Santiago) onde estaban sepultadas a súa nai e a súa muller e na que quere se diga unha misa semanal. A súa perda tivo lugar no ano 1623.

Sucedelle o seu único fillo:

MATEO BALLESTEROS DEL MAZO, foi avogado e xa en 1602 exerceu como procurador de seu pai.

Era coñecido como “doctor Ballesteros” e tamén como Mateo de Cardama, por ser herdeiro do racioneiro Juan de Cardama en 1589²⁷. Esta herdanza sen dúbida foi cuantiosa, e pódese ver no testamento e codicilo que fixo dito Juan en 1589. O racioneiro tiña moitas terras e casas sobre todo en Cardama e Santiago, así como gando en parceria, bois, vacas, cabalos, ovellas e cabras.

Ademais de avogado, foi rexedor e alcalde ordinario de Santiago e consultor do Santo Oficio. No ano 1600 presentouse á oposición para a colexiatura de Artes no Colexio de San Xerome en Santiago, pero non aprobou.

En marzo de 1612 estaba xa casado con **Beatriz de Romay Bañas/Sánchez de Romay** filla de *Miguel Alonso*, quen lle deu como dote unha casa en Santiago onde vivían, outra na rúa do Franco, outra en Pescadería, un lugar de Conxo con muíños e anexos, un censo na Coruña, o lugar de Trasariz (Vimianzo) e o lugar de Pape en San Cristovo de Pape (Ames).

Beatriz Romay, apelidada noutras ocasións como “Sánchez Romay”, tiña un sobriño: Pedro de Romay Valencia, que foi o seu cumpridor xunto co dominico frai Juan de Romai. Dito Pedro, natural de Santiago, estudou “cánones” na Universidade compostelá desde 1630, foi colexial de San Clemente de Pasantes en Compostela nos anos 1638-1646, obtivo o doutorado en 1641 e era parente do tamén colexial e notario do Santo Oficio don Jacinto Heliz de Cidróñ, segundo a súa declaración para ocupar un cargo no Santo Oficio.

Mateo tiña unha casa no barrio de Pitelos extramuros, pero non vivía nela. Alí fixo a prorrogación do foro dos Chouchiños ante o escribán, que como era real, non podía exercer dentro da cidade.

O 17 de xaneiro de 1626 ante o escribán real Gabriel Fandiño fixo foro dunhas terras pertencentes ao arcebispo chamadas *Os bacelos* en Laiño.

²⁶AHUS Protocolos de Díaz de Valdivieso.

²⁷ACS 101 fols. 319r.326r, e tamén: AHUS Protocolos de Alonso Vázquez Varela, 1589, páx. 545.

En 1627 ten un preito²⁸ a causa da rega dunha horta cuxas augas procedían da fonte da Picha en Cardama xunto ao pazo do Pedredo, e que traballaban uns caseiros.

Mateo foi confrade e mordomo da confraría de N^a Sr^a do Rosario en Santo Domingo de Bonaval, polo que en 1628 entregou 300 reais para obras na capela e máis tarde 1.130 reais para una lámpada de prata. Estes reais tería que pagalos Domingo Álvarez Tineo e Vaamonde, de Paderne, que llos debía a Mateo por unha obrigación. Ademais pediu un nicho para el e súa familia na capela que se estaba a facer²⁹ ao lado da epístola, xunto ao altar maior, ofrecendo 500 ducados que pagaría parte en diñeiro e parte condonando a débeda que a confraría tiña con el polos bens de Pedro de Cerceda, pero aínda que a confraría aceptou a súa petición, quixo os 500 ducados ao contado e que a débeda se mantivese. Foi enterrado, en efecto, xunto a seu pai diante do altar de N^a Sr^a do Rosario en Santo Domingo de Bonaval

O 13 de abril de 1633 por testamento³⁰ ante Bartolomé López Basadre agregou á herdanza vincular recibida de seus pais uns bens en Mesía, outros xunto a Padrón, en Rianxo e en Santiago, coas condicións usuais. Tamén deixou outros bens pero libres no lugar dos Chouchiños (Conxo), en Ponte de Portomouro e en Arines. Morreu ao día seguinte e fíxose o reconto dos seus bens ante Pedro Bermudez a petición de Beatriz, que o solicitou xa antes de que morrese. Con tal motivo aparece tamén copia do testamento.

Beatriz finou en 1637, pois en outubro dese ano os seus cumpridores levan a cabo o que ela pediu no testamento³¹.

O matrimonio tivo varios fillos pero morreron sendo nenos, entre eles María, que foi bautizada na parroquia compostelá de san Andrés o 1 de setembro de 1621. Por iso Mateo deixou a herdanza a seu fillo natural **Antonio Ballesteros** (*que segue*). Antonio xa vivía con eles despois de ter sido lexitimado como fillo por cédula real e, cando Mateo fixo o testamento, Antonio era menor de idade, polo que se non tivese descendencia a herdanza quedaría para o seu curmán *Jacinto de Campelo*³² e fillos, e en segundo lugar para *Juan de Gosende*, natural de Cerdedo e cuñado de Jacinto, e a súa muller María de Castro pois eran os seus parentes máis próximos. (Jacinto chegou a preitear contra Antonio, alegando que non era fillo lexítimo).

ANTONIO BALLESTEROS DEL MAZO, nacido en 1614 en San Xiao de Laiño, onde seu pai Mateo Ballesteros mercou censos e fixo foro dunhas terras propiedade do arcebispo. A súa nai, *María Lourenza*, veciña de San Xiao de Laiño, morreu o 22 de maio de 1677.

Antonio en 1639 era veciño de Oin, cerca de Rois, pero logo aparece como veciño de Tarrío aínda que tiña á súa disposición a casa paterna situada na rúa compostelá do Villar.

Nunha executoria de novembro de 1637 aparece xa casado con **Leonor Pimentel Ribadeneira**, filla de “Payo Salgado Ribadeneira e de Antonia Pimentel Ribadeneira”³³.

En 1646 Antonio di que vive da súa facenda sen dependencia de oficio ningún,

²⁸ ARG. RA 6090/29

²⁹ A construción da capela foi encargada o 31 de marzo de 1621 ao mestre de obras Leonel da Valle por 33.000 reais ante o escribán compostelán Giráldez (AHUS).

³⁰ ARG.RA.11129/1

³¹ AHUS Antonio Sanchez Pulleiro, 17/10/1637 ss

³² Jacinto era o seu curmán, por ser fillo de Benito Campelo e de Julia de Castro, antes citados.

³³ Segundo Breogán Amoedo:

<https://gw.geneanet.org/breogan?lang=es&pz=breogan&nz=amoedo+villanueva&ocz=1&p=d%C2%AA.l%20eonor&n=pimentel+y+ribadeneira&oc=1> (16/9/2023)

se ben foi capitán de milicia na vila de Padrón e chegou a ser consultor do Santo Oficio, avogado e rexedor de Santiago, como seu pai.

Era confrade de N^a Sr^a do Rosario de Santo Domingo de Bonaval e en 1642 demandou á confraría pola débeda xa citada, contraída co seu avó e mantida co seu pai.


Estivo na cárcere, cando menos durante sete meses, acusado de resistirse á autoridade e de ferir na man coa súa espada ao alguacil de Rianxo, ao querer defender a un escribán amigo seu³⁴.

Antonio morreu o 6 de abril de 1668 tras dous anos en que padeceu demencia, saíndo á rúa tanto en Laíño como en Santiago, berrando que uns bandidos o querían degolar. Por iso no preito cos xesuítas de Santiago polo foro dos Chouchiños serán os seus fillos os que tiveron que facerse cargo do asunto. En 1689 xa morrera tamén a súa muller.

Tiveron catro fillos cuxa descendencia imos ver polo miúdo:

- 1.-*Diego*, dono do *pazo de Tarrío (Dodro)*.
- 2.- *Antonia*, cuxos descendentes fundan o *pazo da Golpilleira* en Vilagarcía.
- 3.-*Mariana*, que volve enlazar coa familia de Julia de Castro no pazo de *San Bieito* (ou *casa dos Araújo*) en Ponte Sarandón.
- 4.- *Luis*, que vive en Codeso (Boqueixón) e os seus sucesores serán donos das casas fidalgas de *Monteagudo* (Codeseda) e de *Ribela*, ambas no concello da Estrada³⁵.

III.- O PAZO DE TARRÍO (DODRO).



O pazo de Tarrío, situado na parroquia de san Xián de Laíño (Dodro), ten planta rectangular e unha torre cuadrangular con amplas fiestras. A súa capela da cara o xardín que ennobrece a construción.

Seguramente foi construído polo matrimonio Antonio Ballesteros del Mazo e a súa dona Leonor Pimentel Ribadeneira, que acabamos de ver, dado que o escudo que ten fai relación a estes apelidos.

³⁴ARG.RA. 511/8

³⁵Ver a casa de Araújo, Monteagudo e Ribela en: BÉRTOLO, JM-FERRO, L.M, (2020) *Torres, pazos e casas fidalgas do concello da Estrada*, A Coruña. <http://www.museo.aestrada.gal/>

O escudo que hai no pazo de Laíño, baixo o helmo que mira á destra, presenta na parte superior dúas béstas estilizadas, dos BALLESTEROS, e abaixo as cinco estrelas dos PIMENTEL e cinco veneras dos RIBADENEIRA.



Escudo do pazo de Laíño

Porén o seu fillo Diego, *que vemos a continuación*, dinos no seu testamento que foi el que construiu a casa, pero o feito de que non aparezan no escudo referencias á familia da súa muller Catalina, fan pensar que o pazo —ou a parte principal— xa o fixeran seus pais.

DIEGO BALLESTEROS DEL MAZO PIMENTEL, nacido sobre 1637, foi o fillo primoxénito. Nalgúns documentos³⁶ engádese o apelido **Sotomayor**, do seu avó materno.

En 1668 Diego fíxose cargo do preito coa Compañía de Xesús iniciado polo seu pai polo foro do lugar dos Chouchiños³⁷. O asunto era que Juan Ballesteros, o seu bisavó, fixera foro desas terras por tres voces. E logo dise que Mateo fixo prorrogación do foro por outras tres voces o 12 de xuño de 1626 ante o escribán real Gabriel Fandiño de Goianes -cousa que os xesuítas negaban-, engadindo dúas galiñas ou dous reais ao que se estaba pagando. Tamén se alega que D. Antonio en 1653 prorrogara o foro. Destas actuacións preséntanse documentos, dos que no arcebispado non tiñan constancia. No preito dise que Diego xunto outras dúas persoas falsificaron tais escrituras e aproveitándose de que o escribán morrera puxeron as copias na casa da viúva do escribán mediante engano (Non parece que Antonio pola súa tolemia queimara algúns papeis na súa casa, segundo está publicado).

Anos máis tarde Diego reclamou contra a confraría de N^a Sr^a do Rosario de Santo Domingo de Bonaval a débeda contraída co seu bisavó e que se mantiña desde

³⁶ARG. RA 9770/51

³⁷ARG. RA 15329/3

1620 pola herdanza de Pedro de Cerceda, polo que reclamou os intereses, a razón de 64 reais anuais, desde 1642 ata 1703, ano en que se resolve o preito, ¡e gaña!. Cando cobra –parte, xa que en 1707 a confraría seguía aprazando a débeda- estaba presente como testemuña o seu sobriño Melchor Ballesteros Castro, cura de Aldemunde.

Diego tivo un criado que se chamaba Antonio Preto, “*da Angola de Portugal*”, polo que se deduce que era negro (*preto* en portugués significa negro), e que morreu en Laíño o 1 de decembro de 1695.

Na súa casa tiña moitos libros³⁸ sobre todo de temas xurídicos, aínda que tamén tiña de tema histórico, relixioso e literario, como son as obras de *Calderón de la Barca*, *Centinela contra judíos*, *Historia de Lugo*, *Constituciones sinodales de Mondoñedo*, *Historia de China*, *Libro de Caballerías*, *Regla de San Francisco*, etc.

En 1655 estivo en tratos para casar con *Gregoria de Ponte e Andrade*, veciña de Padrón e viúva de Álvaro García de Seares Méndez³⁹, pero non chegou a acordo.

O 11 de agosto de 1660 Diego mercou unhas terras en Carril a Juan López, sobriño do cura de Xanza D. Andrés López Boado⁴⁰. Este cura tivo de mozo “*una travesura*” con M^a Lourenza de Asorei, da que resultou un fillo chamado tamén Andrés, que criou e recoñeceu como fillo. O cura fixo testamento ante o escribán de Cordeiro o 12 de novembro de 1661 e logo un codicilo o 27 xullo de 1662, poucos días antes de morrer, deixando vinculados os seus bens para a capela de santo André na igrexa de Xanza, nomeando como patroa á súa neta *María Antonia Taboada*, filla de Andrés López e de María Monteagudo Taboada, da *casa-torre de Merza*. Os bens do vínculo eran importantes con rendas, censos e casas en Santiago, Padrón, Boado, Carboeiro, Ribadulla, etc. Pois ben, Diego casou con dita **M^a Antonia Taboada** o 2 de setembro de 1665 en Merza, onde viviu o matrimonio un tempo, se ben M^a Antonia morreu en Laíño o 12 de xuño de 1682 sen descendencia, polo que os bens do vínculo pasaron á súa irmá Jacinta Taboada, que estaba casada con Alonso Vigo e Prado.

En 1675 conseguiu que os seus irmáns Luis e Maríana lle desen poder, aínda que con diversas condicións, para hipotecar os seus bens, pois Diego necesitaba pedir un préstamo de 2000 ducados.⁴¹

Logo Diego celebrou novos esponsais o 12 de novembro de 1686 con **Catalina Vecerra Figueroa**, que era filla do rexedor Alberte Núñez Luaces e Lobera e de María Álvarez de Figueroa e Lobera, veciños de Muros. A nai, María, filla de Luís Durán e de Catalina Oanes Vecerra Figueroa, estando viúva, prometéralle a Diego como dote 2.000 reais de a oito en prata branca, 2.000 onzas de prata labrada, 24 cargas de pan en rendas e tres vestidos, un de felpa e os outros de raso. Ao non pagarlle o dote, Diego demandouna⁴² en 1690. Ela dicía que xa lle pagara parte e que tiña poucos medios, pero en realidade, como herdeira do vínculo fundado por Catalina Rodríguez de Acosta, tiña rendas en Sta. Uxía de Ribeira, Lousame, Santa Comba, Carnota, Noia, Asados, etc., e o marido entre outras cousas tivera dous barcos de pesca.

Este matrimonio, que vivía en Laíño, tampouco tivo sucesión. Diego morreu o 18 de marzo de 1713, tendo outorgado testamento pechado ante Domingo Vázquez de Castro, escribán de Santiago, o 30 de abril de 1710. Mandou que se dixesen mil misas e que fose enterrado na sepultura do coro da igrexa de Laíño. E deixou como usufrutuaria á súa muller de “*la casa que fabricaron los dos, huertas y más bienes que resultasen suyos y adquiridos durante el matrimonio, y que despues de su muerte quedasen dichos*

³⁸ AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez. 3/12/1714 (Inventario dos bens de Diego).

³⁹ Cfr. “*Casa dos Araújo en A Ponte (Ribeira. A Estrada)*” o.c.

⁴⁰ ARG.RA. 17230/15

⁴¹ Protocolos de Juan Suárez do Couto, 27/10/1675

⁴² ARG.RA. 9770/51

*bienes unidos y agregados al vínculo y mayorazgo de 1608, y declaró por hijo natural - sin designarlo por su nombre- al que había tenido en tiempo hábil de María Agrafoxo*⁴³.

Trala morte de Diego, o seu fillo e sucesor, **Antonio Ballesteros** (*que segue*) e maila viúva chegaron a unha concordia⁴⁴ o 3 de decembro de 1714 pois disputaron sobre todo polas rendas que Catalina cobraba como usufrutuaria. Para iso fíxose un inventario dos bens de Diego, entre os que podemos ver libros de política, relixión e literatura⁴⁵.

ANTONIO BALLESTEROS, capitán⁴⁶ en 1692, era fillo natural de María de Agrafoxo, solteira. Seu pai, Diego Ballesteros, negoulle a filiación o 18 de setembro de 1694 ante Antonio Fernández de Castro, nomeando como herdeiro a *Francisco Ballesteros Castro*, o seu sobriño, fillo de Luís. Aínda que se dicía que Antonio vivía na casa paterna como se fose un criado máis e mesmo se comentaba que era fillo dun capelán da casa, Antonio demandou a seu pai por unha pensión alimenticia e gañou o preito. En realidade Antonio casara en menor idade o 20 de febreiro de 1688 na parroquia de Santa María do Campo (A Coruña) con **Juana Vázquez Lorenzana**, filla de Antonio de Lorenzana⁴⁷ e de Luciana Vázquez de la Torre, veciños de dita parroquia da Coruña, e como Juana non era do agrado de Diego Ballesteros, por iso este non o recoñecera como fillo. A razón deste conflito era que ela era descendente de xudeus. En efecto, en 1826 próbase⁴⁸ que Juana era neta de Francisco Rodríguez Lorenzana, receptor da Real Audiencia, e de Beatriz de Balboa, bisneta de Tomé Rodríguez Lorenzana e de Catalina Coronel. Dito Tomé era fillo de Antonio Rodríguez e de María Rodríguez e a súa muller Catalina era filla de Duarte Coronel e de Ana Enríquez, todos de familia xudía orixinarios de Ribadavia.

Por outra banda, os pais de Juana Vázquez demandaran ao avogado Ventura Araújo por estupro na persoa de Juana, polo que foi condenado a pagar 350 ducados, que cobrou Antonio Ballesteros.

Juana morreu sobre 1696 estando na casa do seu irmán Vicente, cura de San Salvador de Lanzós. Trala morte deste fíxose a partilla dos bens entre os tres fillos de Juana e o seu marido (este como herdeiro dunha filla chamada María que morrera), o que orixinou un preito⁴⁹ en 1720 movido por José o primoxénito, pois este vendeu a súa parte o 10 de xullo de 1721 a seu tío materno Francisco, pero logo volveuse atrás dicindo que non se lle tiña pagado.

Pero Antonio Ballesteros, de viúvo, volveu para a casa do pai e casou con **María Josefa González Pose de Leis**⁵⁰, viúva do veciño de Santiago Nicolás Menéndez⁵¹, e “*persona muy decorada*” e máis do gusto do seu pai, polo que o axudou para ser capitán e parece que o recoñeceu de feito como fillo, se ben non oficialmente.

Antonio á morte de seu pai tivo preito con Francisco Ballesteros Castro, o seu curmán e fillo de Luis, que se alongou desde 1713 a 1717, pero ao final gañou o preito,

⁴³ ARG.RA 24195/24

⁴⁴ AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez.

⁴⁵ AHUS. Protocolos de Simón Rodríguez. 10/3/1715.

⁴⁶ ARG. RA 11784/43

⁴⁷ Outorgou testamento o 30/5/1690.

⁴⁸ AHN Consellos 24545-6

⁴⁹ ARG.RA 18708/94

⁵⁰ Veciña de Santiago, en 1710 xa estaban casados. (Protocolos de Pedro Vázquez, 24/10/1710, data en que M^a Josefa recibe diversos bens que pertencían a seu marido defunto).

⁵¹ M^a Josefa recibiu abundantes bens por legado do seu primeiro marido. (AHUS: Protocolos de Pedro Vázquez, 1710, páx. 139).

xa que a falta de fillos lexítimos debían herdar os naturais, segundo o vínculo fundado en 1608 por Antonio Ballesteros e María de Cardama.

Tamén tivo un preito contra Francisco Araújo de Prado por uns réditos orixinados nunha hipoteca do abade do beneficio de Podentes no que foi fiador Mateo Ballesteros, o seu bisavó. Os bens da demanda estaban na zona de A Bola (Celanova).

Antonio antes da morte de seu pai vivía en Tallos (Laíño), logo viviu en Santiago alternando coa súa residencia de Laíño. Xa viúvo da segunda esposa, fixo testamento o 11 de maio de 1738 se ben non o entregou ao escribán Gabriel González ata o 30 de decembro de 1740, e morreu o 18 de outubro de 1741. Ao día seguinte o seu fillo Diego pediu abrir o testamento e nel vemos como Antonio xustifica o seu primeiro matrimonio.

Di Antonio no testamento que sendo menor marchou para Madrid ata que volveu sobre 1690 á Coruña, cando nomearon ao seu señor, o conde do Puñonrostro, como gobernador e capitán xeral de Galicia. Na Coruña coñeceu a Juana Vázquez Lorenzana sen coñecer a calidade da súa familia. Ela citouno unha noite a través dun rapaz no convento de Santo Domingo e atopouna co xuíz eclesiástico, onde lle propuxo casamento, “*él, aturdido, no sabe que respondió pero el juez le dio por casado*”. O xuíz comunicoullo ao gobernador, quen enfadado o despediu. Foi á casa dos seus sogros onde estivo tres días chorando pois algúns dos seus amigos o reprenderon pola súa metida de zoco. Logo en Lugo os irmáns Montenegro dixéronlle *que se fora coa súa muller xudía*, e mesmo un familiar da súa muller lle dixo que a familia estivera encausada polo Santo Oficio en Tui. E como a súa familia non lle dirixía a palabra, foi por iso que demandou a seu pai, que o negara como fillo, pedíndolle unha pensión por alimentos. Logo trala morte da súa muller, seu pai Diego admitiuno na casa a condición que non levase aos seus fillos. Despois casou con M^a Josefa Pose de Leis, que aportou ao matrimonio 11.000 reais dando carta de pago a Antonio Suárez Flores, cuñado de Nicolás. Tivo tres fillos da segunda muller e entón o seu pai fixo novo testamento ante Domingo Vázquez de Castro, deixando excluídos do vínculo aos fillos do primeiro matrimonio chamando á sucesión á súa filla Josefa se non tiña varón (pois aínda non nacera Diego). Por iso neste testamento Antonio declara inhábiles para a sucesión aos fillos do seu primeiro matrimonio, aínda que os deixa como partícipes dos bens libres.

Da súa primeira muller, Juana, tivo catro fillos: **José Antonio** (que segue), *Teresa*, *Juana* e *María Ballesteros Vázquez*, e da segunda, M^a Josefa, tres: *M^a Josefa del Carmen*, bautizada o 7 de abril de 1712 e que ingresou no convento compostelán de santa Clara o 25 de maio de 1738 e profesou un ano despois, tras renunciar ás súas lexítimas a favor de seu irmán Diego a cambio de ser dotada polo seu pai con 1200 ducados e máis propinas, ademais de 240 reais anuais mentres vivise⁵², **Diego** (que segue) e *Cándida Ballesteros González Pose de Leis*.

JOSÉ ANTONIO BALLESTEROS VÁZQUEZ, alias “o tato” por ser tatexo, era o primoxénito de dito Antonio e da súa primeira muller Juana e foi motivo de moitas preocupacións para seu pai. Demandou⁵³ a seu pai en 1726 con causa civil por alimentos, alegando que seu pai tiña moitos medios, ata que chegou ao acordo de que seu pai lle dese 100 ducados anuais, así como diversas rendas de trigo, centeo e millo no lugar de Rianxiño e en Sta. Eulalia de Senra, ademais dunhas casas en Ventosa (Santa M^a de Cardama) e os seus anexos.

⁵²AHUS Protocolos de Simón Rodríguez, 21/5/1739.

⁵³ARG. RA. 311/105

Firma de José Antonio. 1728

Porén José Antonio, que casara con **Tomasa de Zamora e Neira**, que era un camorrista e que tiña liortas con diversos veciños e ata co seu párroco (a quen ameazou cunha espada e de tiralo ao Tambre cunha pedra ao pescozo), non quedou contento co resultado do litixio, polo que entre outras falcatuadas en abril de 1729 insultou e ameazou cunha espada a seu pai nas Galanas (Calo), que volvía de Laíño en cabalo e “con su capa encarnada”, polo que este o denunciou⁵⁴.

A morte de seu pai o día 18 de outubro de 1741 foille comunicada por carta do seu irmán Diego, polo que José Antonio o día 22 nomeou procuradores ante Vaamonde Mata para reclamar os morgados fundados polos seus ascendentes. Pero como seu pai no testamento deixara o vínculo a Diego Ballesteros del Mazo Pose de Leis, fillo do segundo matrimonio, José Antonio preitea primeiro polos bens de vínculo e despois polos bens libres⁵⁵.

Procrearon varios fillos:

1.-*Carlos Antonio Ballesteros Zamora*, nacido o 27 de febreiro de 1723 e bautizado en Cardama o 1 de marzo, sendo os padriños Pedro Rilo Raposo, veciño de Betanzos, e M^a Rosa Ribera Ulloa, da Senra. Morreu antes que seu pai.

2.- *María*, que foi bautizada en Cardama o 6 de decembro de 1724.

3.- *Josefa*, que casou con Miguel Taboada, pais de Juan Antonio Taboada e de Diego López Taboada.

4.-**Manuel Miguel José Antonio Ballesteros Zamora**, que recibiu as augas bautismais o 25 de setembro de 1727 en Cardama, tendo por padriños Manuel Míguez Barreiro Brea e Inés Sánchez del Villar Vaamonde, veciños de Budiño.

Manuel emigrou a Andalucía e casou o 2 de febreiro de 1759 con **Rosalía Pérez**, natural de San Roque (Algeciras). Outorgou testamento en Algeciras o 11 de agosto de 1871, tendo por fillos a *María*, a *Josefa*, a *Juana* e a **Manuel Gregorio Ballesteros del Mazo e Pérez**, que naceu o 21 de marzo de 1768 na parroquia de N^a.Sra. de la Palma, en Algeciras, e que iniciou un preito en 1823 polos morgados dos Ballesteros (*que vemos na páxina 17*).

DIEGO ANTONIO SILVESTRE BALLESTEROS GONZÁLEZ POSE DE LEIS, o sucesor nos morgados, foi bautizado en Laíño o 14 de maio de 1711, sendo o padriño o seu avó Diego. En 1752 aparece no catastro do Marqués da Ensenada como Procurador xeral de Laíño. Foi familiar do Santo Oficio, polo que tivo que probar a súa limpeza de sangue.

⁵⁴ARG. RA. 13062/68

⁵⁵ARG. RA. 20388/58, 16446/33



Fonte baixo a imaxe de san Antón. Pazo de Tarrío

O 13 de febreiro de 1737 estando solteiro tivo de Josefa Tembra, veciña de Laíño, un fillo ao que se puxo de nome Antonio. Logo uniuse en matrimonio con **Manuela Figueroa Prado**, natural da Coruña, filla de José Benito Figueroa e Prado, do Consello de S.M. e Oidor e Alcalde Maior da Real Audiencia, e de Francisca Coder e Kiel, natural de Pontevedra e neta por liña paterna de Agustín Figueroa e Francisca Prado, e neta por liña materna de Enrique Coder, natural de Amsterdam e de M^a Magdalena Kiel, natural de Dunquerque que ao parecer escaparan dos Países Baixos por seren católicos.

D^a Manuela ademais era irmá de *Ángel*, oidor da Real Audiencia de Aragón, de *Josefa*, muller do capitán de fragata Fermín Carasa, de *Alejandro* oficial maior da Contaduría da Superintendencia G. de Abastos en Madrid, de *Serafina*, muller de Nicolás Bémudez, veciños da Coruña⁵⁶, e de *Nicolás*, 1º tenente do Real Corpo de gardas da Infantería Española.⁵⁷

Foron pais de:

1.- *Mateo Ballesteros Figueroa*. que foi gardamariña -en cuxa habilitación a familia gastou máis de 3.500 reais-. Estivo 16 anos na Armada participando en misións como unha expedición a Argel ou a toma de Santa Catalina e da praza da Colonia de Sacramento. De tenente de fragata pasou en 1790 a capitán de rexemento de infantería, para exercer en Bos Aires. Xa tiña solicitado ese destino cando casou na parroquia compostelá de Santa Susana o 3 de xullo de 1790 con *Gregoria Cotarelo Barrera*, filla de José, natural de Ribadeo, e de Manuela, natural de Betanzos. Un mes máis tarde embarcou coa muller e un criado cara Bos Aires. Aínda que en 1792 pide volver á Armada como tenente de navío, continúa en Bos Aires polo que en 1795 pide ser ascendido a tenente coronel. En 1797 estaba na colonia de Sacramento pertencente ao virreinato de Río da Prata.

2.- **Juan Nepomuceno Ballesteros e Figueroa**, (*que segue*)

Juan Nepomuceno Ballesteros e Figueroa, bautizado na parroquia coruñesa de Santiago o 20 de decembro de 1747, casou o 1 de febreiro de 1766 na parroquia compostelá de Santo André con *Isabel Mosquera de la Torre e Gil*, filla de *Luís*

⁵⁶ ANC Protocolos de Amado Figueroa (29/10/1771).

⁵⁷ Arquivo Municipal da Coruña e AHUS. Proba de Fidalguía de Mateo Ballesteros Figueroa (1775).


Mosquera e de *Margarita de la Torre Gil*, donos e señores de Vilariño⁵⁸ en San Mamede de Canda (Piñor. Ourense) e da súa xurisdición do Coto de Sar, do seu pazo de Cudeiro, do de Gomariz e da Casa de Pousa de Belle.

Juan Nepomuceno, que morreu en 1772, e Isabel Mosquera foron pais de:

- 1.- **Juan Nepomuceno Ballesteros Mosquera** (*que segue*)
- 2.- *Mª del Carmen, Vicenta Ferrer, Isabel, Teresa, Ramona, Juana Nepomucena, Bárbara, Justina, Cipriana, Bernarda* foron os nomes que lle puxeron a unha nena bautizada en Laíño o 30 de setembro de 1767 sendo os padriños os seus tíos Mateo Ballesteros e Mª Vicenta Mosquera.
- 3.- *José Bernardo Ramón Vicente, Juan Nepomuceno, Francisco Javier, Calixto, Mª del Tránsito*, que recibiu as augas bautismais en Laíño o 15 de outubro de 1768.
- 4.- *Vicenta Ferrer, Bernarda, María do Tránsito, Francisca Javiera, Agustina, Juana Nepomucena, Teresa de Jesús*, nacida en Laíño o 27 e bautizada o 28 de agosto de 1771, sendo a madriña a súa tía Mª Vicenta Mosquera, solteira.
- 5.- *Luis Antonio Ramón Vicente Mª del Tránsito Policarpo Ildefonso*, nacido o 23 e bautizado o 26 de xaneiro de 1773 en Laíño, sendo o padriño o seu avó Luís Mosquera.

JUAN NEPOMUCENO BALLESTEROS MOSQUERA, recibiu o bautismo en Laíño con dous días o 31 de outubro de 1766 co nome de *Juan Nepomuceno, José, Mateo, Simón, Vicente Ferrer, Ramón, Rafael, Mª del Portal*, sendo os e padriños o cóengo de Santiago Juan Francisco Caamaño e dona María de la Torre Gil, veciños de Santiago.

O 9 de febreiro obtivo da súa nai (o pai xa falecera) permiso para casar polo que o 6 de marzo de 1785 deu palabra de matrimonio⁵⁹ con oferta recíproca de dote para casar coa súa prima **María Dolores Ramona Carassa Figueroa-Prado**, filla do tenente de navío da Real Armada, xefe da quinta brigada de Artillería en Ferrol e cabaleiro de Santiago no ano⁶⁰ 1762 don Fermín Carassa Irurzun⁶¹, natural de Mendavia (Navarra) e de Josefa Figueroa, neto por vía paterna de Manuel Carassa Eraso e de Catalina Irurzun Garcia de Dicastillo, natural de Mañeru (Navarra), e por vía materna de José Benito Figueroa Prado, natural de Santiago, e de Mª Francisca Coderq, natural de Pontevedra.



Firma de Juan Nepomuceno, 1787

D. Fermín ofreceu 22.000 reais en efectivo e ademais de xoias, roupas, prata e servizo de casa que se había de detallar na carta de pago. Tamén lle ofrece 66.000 reais que se sinalan en dúas casas novas na rúa Carasa, nº 11 e 12, da nova poboación da Magdalena, pero como ían vivir en Santiago ou/e en Laíño, comprométese a darlle 2.000 reais anuais como rendas desas casas se levaba el a súa administración.

Como xa tiñan casado, Fermín entregoulles 17.704 reais o 14 de xullo dese ano. Pero como Juan Nepomuceno tiña que pagar por alimentos á súa nai e irmáns e ademais tiña que arranxar tanto a casa de Santiago como a de Laíño, don Fermín acepta acollelos

⁵⁸ DE LA PEÑA VIDAL, C., (2012) *O avoengo dos Mosquera do Pazo de Vilariño*, Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia, boletín nº 10.

⁵⁹ ANC Protocolos de José Benavides.

⁶⁰ AHN. OM-Caballeros Santiago, Exp. 1525. Aparecen os nomes dos pais e avós de Fermín.

⁶¹ Cfr. A súa xenealoxía en: ANC Protocolos de José Benavides, 28/9/1761.

na súa casa, o que se valora en 700 ducados, e ademais daralle 200 reais para gastos, o que descontará do valor das casas prometidas ata que vivan pola súa conta. E non será ata o 20 de xaneiro de 1787 cando se faga a escritura⁶² de pago de dote, pois para atender mellor as súas rendas deciden ir vivir a Santiago. Na carta de pago detállanse todas as xoias, roupas, etc que M^a Dolores recibe de dote. Menciónanse varios aneis de ouro e diamantes, un rosario de ouro con doas de madeira, etc. cun valor de máis de 6.000 reais.



Escudo dos Ballesteros. Treos

Juan Nepomuceno era subtenente do Rexemento Provincial de Santiago, en 1787 (e alferez en 1790 e capitán ao retirarse), reclamou –sendo o seu curador José Rafael de Prado, veciño de Ames– unhas rendas, que xa debían a seu pai, en Herbón, Louro, Oín, Araño, Pobra, Beán, Cardama e tamén en *San Miguel de Treos*⁶³, (Vimianzo), onde hai pouco se encontrou nunha casa un escudo coas armas dos Ballesteros non sabendo dar explicación deste feito porque non se coñecía aquí ningunha familia con este apelido. Nos libros parroquiais, efectivamente, non hai referencias de veciños con este apelido, polo que seguramente sería unha segunda residencia familiar.

Juan Nepomuceno e María Dolores

xeraron a:

1.- *Fermín Ballesteros Carasa*, cadete do Rexemento de Infantería na vila de Lumbrerales na diocese de Cidade Rodrigo, onde morreu o 28 de novembro de 1810.

2.- *Josefa Ballesteros Carasa*, bautizada na parroquia compostelá de Santo André o 24 de novembro de 1788.

Ao morrer seu irmán quedou como herdeira dos morgados. Casou aos 17 anos en Padrón o 26 de agosto de 1806 con **Bernardo González del Valle**, que contaba con 35 anos, pois nacera en Cachamuiña o 23 de marzo de 1771, fillo segundo de Ignacio González Cid e de Juana del Valle, esta natural de Trasariz no Ribeiro, e neto por liña materna de Juan Cayetano del Valle e de Bernarda Antonia López de Sorribas, veciños ambos de Sta. M^a. de Lamela, na xurisdición de Pereiro de Aguiar (OU).

Bernardo de novo tivo unha filla, que se chamou Bernarda Josefa, dunha moza, Josefa Rodríguez Munín, pero non chegou a recoñecela, pois marchou destinado a Ferrol e alí coñeceu á que sería a súa muller, que ao parecer era unha moza moi fermosa. Aos 20 anos era subtenente en Ferrol, pero chegou a coronel e comandante xeneral da lexión de voluntarios do Ribeiro. Foi coñecido polo alias de “*Cachamuiña*”, polo seu valor que demostrou primeiro en 1793 na guerra dos Pirineos onde ascendeu a tenente, e sobre todo na Guerra de Independencia na que xunto con De la Romana iniciou na provincia de Ourense a guerra de guerrillas, que tanto dano fixo ás tropas do xeneral Soult. Pero onde colleu máis fama foi na conquista da praza de Vigo o 27 de marzo de 1809, pois cun machado rompeu a porta do baluarte a pesar de ser ferido de bala tres veces nunha perna, pero conseguindo que os franceses se rendesen. Por esta fazaña o 28 de abril foi ascendido a coronel, foi gobernador de Vigo e logo Comandante de Armas e gobernador de Tui. Como recordo desta guerra Bernardo gardou o sable do

⁶²ANC Protocolos de José Benavides.

⁶³ARG. RA.10118/38

mariscal Soult, que por doazón agora está no Museo Quiñones de León de Vigo.

En 1809 a nai de “Cachamuiña” cedulle en vida o morgado de Trasariz e por desavinzas coa Xunta de Galicia pediu o retiro que lle foi aprobado a partir do 19 de decembro de 1811, se ben non se lle pagou ata unha década despois.

Cando seu sogro Juan Nepomuceno Ballesteros quedou viúvo, as súas fillas pedíronlle facer as partillas dos bens da nai, pero ante a súa negativa demandárono⁶⁴ en 1815 e o preito prolongouse ata que sobre 1820 Juan morreu e as súas fillas, sobre todo Josefa, a muller de Cachamuiña, que era a maior, tomou posesión dos seus importantes bens. Por parte de seu pai recibiu bens en Portomouro (Dubra), Treos, Laíño, Cardama, Rianxo, Boqueixón, Gastrar, Santiago, etc., e por parte da súa nai varias casas en Ferrol (rúa Carasa e San Simón) e outros bens.

Pero resulta que cando Cachamuiña e súa esposa se fan cargo do morgado dos Ballesteros saíulles un novo competidor: **Manuel Gregorio Ballesteros Pérez**, *(que segue)*, quen acabou levándose todos os morgados dos Ballesteros, e segundo Cachamuiña tamén outros bens que non o eran: cítanse os de Catalina Rodríguez de Caamaño, Ana M^a González de Reloba, José Patiño, M^a Ana Pose de Leis e M^a Josefa de la Torre, así como a parte que tiña na Fábrica de Mantelerías da Coruña.

Cando Josefa e Bernardo se quedan sen os bens dos Ballesteros, en 1828, Bernardo, que fora condecorado por méritos de guerra en 1812, pediu a seu parente (tratábo de curmán) e ministro Luís López Ballesteros que atendese a súa petición de cobrar os atrasos e mensualidades inherentes a dita condecoración. Necesitaba os cartos pois estaba agobiado polos litixios, pero pronto empezou a cobrar a indemnización.

Bernardo retirouse á súa casa de Cachamuiña vivindo una vida tranquila até que morreu o 6 de setembro de 1848⁶⁵. Tiña feito testamento en maio de 1845 en Ourense ante José Cantón. Josefa seguiu vivindo en Ourense ou en Santiago, onde testou deixando os bens da comarca de Ourense, moitos que pertencían aos González, aos seus cuñados e cuñadas, e os bens mobles, alfaiais e os bens na xurisdición de Muros deixoullos á súa irmá Carmen, así como o usufruto dos bens “*procedentes de la vinculación de Sandrejo, S. Miguel de Treos, en el distrito de Corcubión, y partido e la Ulla, correspondiente a los de esta ciudad y Arzua, fundada por Josefa de la Torre y Gil, se la dejo en usufruto*”⁶⁶ e despois pasaría a Ramón Neira de la Torre⁶⁷, señor e dono do morgado da Torre. Finou en Ourense o 14 de abril de 1875.


3.- M^a Dolores Ballesteros Carasa, bautizada na parroquia compostelá de Santo André o 8 de xuño de 1790. Faleceu solteira en Ourense (Sta. Eufemia) o 15 de agosto de 1819 na casa da súa irmá Josefa.

⁶⁴ ARG.RA. 19076/22

⁶⁵ O 9 de agosto de 1932 as cinzas de Cachamuiña foron honradas pola cidade de Vigo e levadas ao cemiterio de Pereiró.

⁶⁶ AHUS Protocolos de Francisco Viéitez, 7/8/1751

⁶⁷ Ramón era o pai de Carolina Neira Flórez, a muller de de Vicente López-Ballesteros, do pazo da Golpilleira, de quen se fala máis adiante. Cfr. Carlos de la Peña, 2012 : 56



4.- *M^a Teresa Ballesteros*, bautizada en Santo André o 11 de decembro de 1791.

5.- *M^a Joaquina Ballesteros Carasa*, monxa en Belvís (Santiago).

6.- *M^a del Carmen Ballesteros Carasa*, bautizada na parroquia de Santo André o 26 de decembro de 1797. Estando no Colexio de Orfas de Santiago casou en Salomé o 1 de outubro de 1819 co capitán de Sevilla don Antonio María Sánchez, cabaleiro da Orde de S. Hermenexildo, capitán, tenente do 2º batallón do rexemento de Granada. A mediados de século vivían na Coruña.


7.- *Juana Ballesteros Carasa*, que casou con Fernando España.

MANUEL GREGORIO BALLESTEROS PÉREZ, veciño de Alxeciras, era bisneto de Antonio Ballesteros e Juana Vázquez (*como xa temos visto na pág. 13*). Naceu o 21 de marzo de 1768 na parroquia de N^a. Sra. da Palma, en Alxeciras, fillo de Manuel Ballesteros Zamora e de Rosalía Pérez.

Foi graduado no Ministerio de Mariña en Cádiz. Puxo preito contra Bernardo González del Valle como marido de *Josefa Ballesteros Carasa*, primeiro en Santiago o 16 de outubro de 1820, na Real Audiencia da Coruña o 15 de abril de 1823, na Chancelería de Valladolid o 10 de xuño de 1825 e por último en recurso de segunda suplicación⁶⁸ en 1827. A cuestión era se Juana Vázquez era descendente de xudeus, polo que segundo as cláusulas do morgado non tería dereito ao morgado, pero a pesar das probas presentadas onde a mesma familia recoñecía que foran varias veces procesadas por xudaizantes, o Consello de Castela en 1828 deulle a razón a Manuel G. Ballesteros, polo que Chamuiña se quedou sen os bens do morgado e o *pazo de Laiño* pasou a dito *Manuel G. Ballesteros*. Enuméranse todos os documentos que había no pazo, que serían de moitísimo interese para inquirir a súa historia, pero levounos consigo dito Manuel. O preito por mor de dilucidar cales eran os bens do morgado chegou a 1838.

Manuel outorgou testamento en Santiago⁶⁹ o 15 de maio de 1839 e finou o 25 de novembro dese ano. No testamento deixa para a súa ama de chaves, Catalina Laredo, unha casa na rúa de Villar nº 52 ademais de 5 reais diarios vitalicios⁷⁰. A casa principal situada no nº 53 da rúa do Villar é coñecida máis adiante como “casa de Bacariza”, pola librería que había nela. Tiña un escudo coas armas dos Ballesteros, segundo se di repetidamente en diversos artigos periodísticos. Tamén se di que na praza do Toural había outro escudo (aínda que quizais se trate do mesmo)

Trala morte de Manuel Gregorio resultou que, debido ao custoso do preito que tivo polos morgados (o da Chancelría tiña máis de 3000 páxinas), debía unha importante suma de reais (209.108 reais), polo que hipotecou a metade dos seus ben. E trala súa morte fíxeronse dous lotes, un para a filla e o outro para saldar a hipoteca. Nese lote ía incluído o pazo de Tarrío, valorado en 19.435 reais⁷¹. Saíu o lote en subasta xudicial e mercouno **Nicolás Seoane**, propietario e veciño de Paris pero residente en Santiago.



Firma de Nicolás Seoane. 1862

“Como unha tía da familia Seoane vivía aquí en Tarrío e os propietarios seguían a residir en Francia, acabana coidando os Romay, aos que pasará despois o Pazo de Tarrío.

Aínda se lle di A Casa de Romay e A Horta de

⁶⁸ AHN. Consellos, 24545-6

⁶⁹ AHUS. Protocolos de Ildelfonso Fernández Ulloa.

⁷⁰ Logo Catalina reclamará unhas soldadas. Protocolos de Vicente Quiroga López, 1/6/1862

⁷¹ Protocolos de Vicente Quiroga López, 1/6/1862

Romay ou Do Señorito á propiedade murada que recorre a aldea de Tarrío de norte a sur. Até os anos sesenta do século pasado deuse escola nel, mais daquela era xa unha ruína. Agora o dono é Juan Ramón Quintás, un prestixioso economista que participou na elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia. [...] A casa volve recuperar algo do antigo esplendor. Outros ecos habitan o xardín. Hai estatuas de alvarado mármore e rumores de voces recentes nos sendeiros, coma un Bomarzo aquí entre as néboas esfiañadas do Ulla”⁷².

Manuel Ballesteros estaba casado con *Antonia Francá* que tiveron unha única filla:

MARÍA JOSEFA BALLESTEROS FRANCA (firmaba e era coñecida como María), nacida sobre 1806 e casada en Alxeciras con **José Servino Caille**. Dita M^a Josefa foi declarada herdeira universal no testamento do seu pai. Ela tamén fixo testamento o 14 de outubro de 1872 ante Ildefonso Fernández Ulloa.

José morreu en 1872 (nos últimos anos foi incapacitado por estar tolo) e Josefa foi sepultada o 18 de xuño de 1873. Os seus fillos repartiron a herdanza⁷³ o 6 de setembro de 1877, de acordo coas leis que suprimiron os morgados. Fillos:

1.-*Francisco Servino Ballesteros del Mazo*, nacido sobre 1829, xefe de orde público, finou solteiro o 21 de xuño de 1887.⁷⁴

2.-*Jose Servino Ballesteros del Mazo*, en 1882 era presidente do Partido Democrático Gubernamental e foi xefe dos republicanos composteláns e tenente de alcalde (e alcalde) do concello de Santiago. Foi tamén capitán da Milicia Nacional e condecorado coa Cruz da Constancia polos servizos á Patria. En setembro de 1903 recibiu o viático, de novo en xaneiro de 1904 e finou o 16 de marzo de 1904⁷⁵.

3.- *Manuel Servino Ballesteros*, nacido sobre 1820, que vendía ao por maior desde Santiago champán, viños de Francia, de Xerez e de Valdepeñas, licores e queixo de bola holandés⁷⁶. Casou con Francisca Jamardo, de que tivo a Manuel (que estudou no Instituto Gelmirez 1876-79), Rosario e Teresa Servino Jamardo, nacida na parroquia compostelá de San Froitoso o 21 de xaneiro de 1865 e que casou o 5 de novembro de 1884 con Francisco Formoso na parroquia de Santa Susana.

Finou Manuel viúvo e con fillos na súa casa da Escravitude o 3 de outubro de 1903.

4.- *Ánxela Servino Ballesteros*, solteira, foi redimindo moitos dos foros que tiña. Finou aos 92 anos o 27 de outubro de 1918.⁷⁷

5.- *Rosario Servino Ballesteros*.

6.- *Josefa Servino Ballesteros*. Casou con Francisco Aparicio, brigadier do exército, pero por enfermidade viviu durante anos coa súa nai mentres o seu marido vivía onde estaba destinado en cada momento. Tiveron por fillo a José Aparicio que foi criado pola súa avoa desde 1854 ata que morreu en 1866.

7.-*Ambrosio Servino Ballesteros*, que morreu moi novo no ano 1866 nun pronunciamento militar en Madrid, tivo un fillo de *Juana Fandiño de la Iglesia*, solteira, se ben logo casou con ela. Juana foi reitora en Santiago do “Hospitalillo” para anciás desamparadas e finou en marzo de 1927.

O seu fillo natural foi:

⁷² <https://www.obaixoulla.gal/elementos/dodro/arquitectura-civil/pazo-de-tarrio> (10/9/23)

⁷³ AHUS Protocolos de Vicente Quiroga López.

⁷⁴ Galicana: *Crónica de Pontevedra : diario político*.: Año II - 22 xuño 1887

⁷⁵ Galicana: *La Correspondencia Gallega : diario de Pontevedra* : 18 marzo 1904

⁷⁶ Galicana: *Gaceta de Galicia : Diario de Santiago*: (06/07/1880)

⁷⁷ Galicana: *El Diario de Pontevedra : periódico liberal*: - 1918 octubre 28

Luís Servino Fandiño, que nacido o 11 de febreiro de 1865 e bautizado o 14 na parroquia de Santa Susana como fillo de solteira, foi recoñecido o día 20 polo seu pai. A partir dos once meses foi recollido pola súa avoa paterna onde foi coidado, xa que a súa nai o desatendía. A súa avoa María Servino deixoulle a lexítima que lle correspondía a seu pai. Morreu aos 25 anos o 16 de decembro de 1891 na parroquia de san Fiz sendo estudante de Dereito (vivía na r/ Calderería, 72).

Os irmáns Servino Ballesteros e mailo seu sobriño, trala morte da súa nai e avoa, fixeron as partillas e logo a partir do 32 de decembro de 1877 venderon a maior parte dos bens que herdaran tanto na zona de Dodro como noutros lugares, segundo podemos ver nos protocolos de Vicente Quiroga López.

IV.- PAZO DA GOLPILLEIRA (VILAGARCÍA)



Pazo da Golpilleira. Vilagarcía

Fillos de Antonio Ballesteros e Leonor Pimentel, como vimos na páxina 8, tamén foi:

ANTONIA BALLESTEROS DEL MAZO PIMENTEL casou con *Antonio López Caneda*, que foi bautizado o 18 de novembro de 1609, tendo por padriño a seu avó materno e a Dominga Rodríguez, a muller do seu avó paterno. Era fillo de Amaro López Caneda e de Catalina López, neto por liña paterna de Diego López e neto por liña materna de Alonso Villamoure⁷⁸ e de Catalina López. Un dos seus fillos foi:

JOSÉ ANTONIO LÓPEZ BALLESTEROS, bautizado o 15 de setembro de 1659, tivo por padriños a seu tío Diego Ballesteros e a súa avoa materna Leonor Pimentel, veciños de Laíño.

Casou con *María Jacinta de Navia Mariño e Sotomaior*⁷⁹, bautizada o 29 de

⁷⁸Alonso era fillo de Juan Villamoure, dono da casa de Quintadona, que fixo un vínculo en 1599.

⁷⁹Era sobriña de Francisco Antonio Navia, cura de Troáns, de M^a Antonia Navia, casada con Andrés

outubro de 1665, sendo os padriños Benito Fernández de Soto e a súa muller María Villamoure, veciños de Rubiáns. Era filla de Francisco de Navia Mariño e Sotomaior (bautizado en san Estevo de Saiar o 24 de abril de 1625, fillo de Pedro Rodríguez e de Inés de Navia) e de Agustina Villamoure e Themes (bautizada o 20 de maio de 1628, filla de Alonso de Villamoure e de Justa López), veciños de san Pedro de Cea (Vilanova de Arousa). Tiveron por fillo a:

JOSÉ IGNACIO LÓPEZ BALLESTEROS, bautizado o 30 de novembro de 1688 sendo o padriño Miguel de Navia, reitor de San Estevo de Saiar.

O 28 de novembro de 1728 uniuse en matrimonio (representado por Pedro Ignacio Mondragón, irmán da noiva) con *Juana María Mondragón Varela*, nacida o 25 de xuño de 1706 en Remesar, filla de Leonel Mondragón,⁸⁰ dono da casa de Vilasusán en Remesar (e con casa e capela tamén en Santa María de Godos) e de María Varela Mariño, bautizada en Caldas o 3 de abril de 1675, natural de Arcos da Condesa, filla de Benito Varela do Salnés⁸¹, señor da *casa de Piñeiro de Casalnov*, e de María Buceta Camaño e Castro da casa de Somonte e Curuxal en Caldas de Reis (filla de Francisco Buceta de Caamaño e de Francisca López, tendo por padriños a Antonio Bermúdez de Castro, cóengo de Santiago, e a *Catalina López*, muller de Amaro López Caneda).

En 1717 foi procurador xeral de Vilagarcía, e estando nese cargo pediu cartos para unha leva de mariñeiros, o que orixinou un preito⁸² pois o rexedores non querían pagar.

Desde 1732 tiveron en aforamento do mosteiro de san Martiño Pinario a illa de Cortegada cos súa capela da Nosa Señora de Guadalupe, pola que pagaban 90 ferrados

Losada, e de José Benito Navia, cura de S. Clemente de César, que mediante testamento lledeixou diversos bens.

⁸⁰ Dito Leonel Mondragón descendía de **Andrés de Mondragón Zubieta** fillo de Pedro de Zubieta e de Águeda de Echevarría, nacido na casa de Zubieta en Santa Águeda de Guesalibar (Mondragón/Arrasate). Estando en Santiago ao servizo de seu tío Martín Mondragón, patrón da capela de N^a Sra. da Piedade, casou en 1587 coa súa curmá **María Esteban de Cela**, natural tamén de Mondragón, que veu de alí cos seus tíos Martín de Mondragón e a súa primeira muller, Marina de Zarauz. Andrés e María Esteban viviron en Vilasusán (Remesar. A Estrada) e foron pais de:

Andrés Mondragón Zubieta, nacido en Vilasusán, que casou con **Juana Bermúdez de la Maza e Aldao**, veciña de Sanxenxo, filla de *Alonso de la Maza*, escribán da Lanzada, e de *Sancha Bermúdez de Lobera*, da casa de Gondar, e neta por parte paterna de *Juan de la Maza*, rexedor de Pontevedra, e de *Jerónima Carión*, e neta por parte materna de *Juan Bermúdez de Aldao*, fillo de Luís Bermúdez señor da casa de Gondar, Aldao e cotos de Berducido e Xeve, e de *Francisca Pereira de Castro*, natural de Ponte Lima en Portugal.

Juana fixo testamento ante o escribán de Tabeirós Juan Gómez del Villar o 16 de xullo de 1675 e morreu ela o 21 de xullo de 1675. Andrés morreu o 22 de febreiro de 1681 tamén en Remesar.

Sucedelles **Juan Antonio Bermúdez Mondragón**, bautizado o 12 de xuño de 1630 e que foi dotado o 29 de marzo de 1678 ante o escribán Andrés de Nodar para casar con **Beatriz Gil Taboada de Camba Ribadeneira**, bautizada o 16 de xaneiro de 1661, filla de Antonio Gil Taboada e Antonia de Camba Ribadeneira, veciños de San Estevo de Barcia, e neta por parte paterna do escribán de Cristimil don Gregorio Gil Varela e de Margarita Taboada, natural de San Estevo de Barcia, e por parte materna do bacharel Pedro Camba Ribadeneira e de Antonia González. Juan e Beatriz foron tíos do bispo de Lugo e Santiago don Caetano Gil Taboada, e curmáns do bispo de Osma e de Sevilla don Filipe Antonio Gil Taboada.

Outorgou testamento ante o escribán Andrés de Nodar o 10 de novembro de 1683 no que pide a seu cuñado Leonel Gil, cura de Ribela, que mire polos seus fillos. Foron os pais de **Leonel Mondragón**, que casou en o 7 de abril de 1679 con M^a Antonia Varela Mariño.

⁸¹ Ou Pedro Benito, fora bautizado o 21 de abril de 1630, fillo de Pedro Varela de Dubra e de Inés Mariño de Lobera e Salnés. Pedro Varela dotou (ARG. RA. 19329/8) a capela de san Xurxo e un nicho na igrexa de Caldas o 28/2/1667.

⁸² ARG. RA 18367/8

de pan mediado⁸³.

José outorgou testamento en 1745 ante Juan García Villamarín, de Vilagarcía e finou a finais dese ano. Juana morreu aos 85 anos, segundo dicía o seu neto Luís.

Juana e José foron pais de:

- 1.- **Diego López-Ballesteros Mondragón** (*que segue*),
- 2.- **José Benito López-Ballesteros**, cura de san Breixo de Queiroás (Ourense).
- 3.- **Francisco Javier López-Ballesteros**, confirmado en Remesar en 1737.
- 4.- **Juan Crisóstomo López-Ballesteros Mondragón**, foi bautizado o 27 de xaneiro de 1737 e nacera o 24. Recibiu todas as ordes sagradas entre 1764 e 1771 a título de patrimonio -a capelanía de Nosa Señora da Concepción non lle serviu de congrua-, pero parece que logo foi rexedor e capitán das milicias de Santiago.
- 5.- **María Josefa López-Ballesteros Mondragón**.
- 6.- **Teresa**⁸⁴, a quen seu tío-avó José Benito lle legou 10.000 reais.
7. **María Rosalía López-Ballesteros Mondragón**, bautizada na parroquia de Arealonga en Vilagarcía o 26 de xuño de 1742 tendo por padriños a seus tíos Ramón Mondragón, presbítero, e a Cándida Mondragón.

M^a Rosalía casou na mesma parroquia o 8 de decembro de 1765 “*a las 7 horas de la noche*” con **José Antonio Jacinto Vázquez e Betanzos**, bautizado o 15 de agosto de 1744, avogado da Real Audiencia e rexedor decano de Vilagarcía, subdelegado de Imprentas e Librerías de Vilagarcía, veciño de Rubiáns, dono da casa e pazo das Viñas e o seu morgado, e patrón da capela de Sta. M^a Madalena na igrexa de Vilanova de Arousa. José Antonio era fillo de Roque Vázquez de Andrade (bautizado o 24/10/1699 e que casou o 10/8/1741) e de Josefa Betanzos, e neto por vía paterna de José Vázquez Mariño e Figueroa e de M^a Baltasara Lopez de Andrade, e por vía materna neto de Pedro Nolasco de Betanzos⁸⁵ e de Josefa Zarza Cid, esta natural de Salamanca e el de Rubiáns.

José Antonio fixo testamento en Vilagarcía o 12 de setembro de 1814 ante Juan José Ximeno?. Pais de:

- a. **Baltasar Vázquez López-Ballesteros**, que estudou Dereito en Santiago, logo residiu en Perú e se dedicou á política en Madrid.
- b.- **Pedro Antonio Vázquez López-Ballesteros**, que foi do Consello de S.M. e Oidor da Real Audiencia de Aragón, vicesecretario da Real Academia de Dereito de Carlos III, e cabaleiro da Orde de Carlos III. Pedro probou a súa fidalguía en 1817.⁸⁶
- c.- **José Benito M^o del Carmen Vázquez López-Ballesteros**, nacido o 6 e bautizado o 14 de abril de 1776 na parroquia de santa Eulalia de Arealonga, sendo padriños José Benito Ballesteros Mondragón, cura de Queiroás (OU) e Isabel Paz, veciña de Vilagarcía. Probou a súa fidalguía en 1824⁸⁷. Foi fiscal do Consello Supremo de Facenda e Cabaleiro Pensionista de Número da Orde de Carlos III.
- d.- **Teresa Vázquez López-Ballesteros**, solteira.
- e.- **Joaquina Vázquez López-Ballesteros**, solteira.
- f.- **Vicenta**, que casou con Pedro López de la Peña e Zumalave, contador

⁸³Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. N° 122 (01/06/1907)

⁸⁴ARG.RA 14169/35

⁸⁵Cfr. Máis ascendencia en AHN.Estado-Carlos III,Exp.1684. páx.46 ss.

⁸⁶AHN. Estado-Carlos_III, Exp.1684. Este expediente dá moita información sobre os devanceiros dos López-Ballesteros.

⁸⁷AHN. Estado-Carlos III, Exp.1842.

e interventor de Rendas en Redondela e irmán de Juan, cóengo en Iria Flavia.

g.- Juana Vázquez López-Ballesteros, que casou con José Benito, Oidor da Real Audiencia de Asturias.


DIEGO LÓPEZ BALLESTEROS E MONDRAGÓN, nacido en Vilagarcía o 15 de maio de 1731 e bautizado cos nomes de *Diego Antonio Manuel*, tivo por padriños a Benito Andrés Mondragón e a Jacinta Mondragón.

Foi o herdeiro dos vínculos e morgados familiares. Marchou “de corta edad” para a cidade de México onde en 1768 estaba como tenente dunha compañía de Granadeiros do rexemento do Comercio, pero tamén comerciaba con azucre⁸⁸.

O 10 de febreiro de 1770 Diego mercou a Francisco García a casa, pazo e torre da Golpelleira situado “*en el antiguo coto de la Torre de Trabanca da Pedra, parroquia de Arealonga*”.

Facía constantes viaxes de México-Veracruz-A Habana-Cádiz/Coruña. Así por exemplo, o 4 de maio de 1773 saía da Habana cara Cádiz, e o 26 de marzo saía de México tamén cara Cádiz, e despois de casar en outubro dese ano, sae da Coruña o 7 de xaneiro de 1775 de volta cara México. Iso explica que na capela do pazo haxa unha imaxe dunha Virxe de Guadalupe mexicana.

O 23 de xuño de 1770 foille expedida a Real executoria de Fidalguía de Sangue pola Chancelería de Valladolid. Tamén se lle autorizou a poñer o escudo “*en selos, aneis, reposteiros, pinturas, casas, coches, cenotafios, prata labrada, sepulturas e no demais conveniente.*”

A photograph of a handwritten signature in dark ink on aged paper. The signature reads "Diego Ballesteros" in a large, flowing script, with "Mondragón" written below it in a smaller, more compact script. Above the main signature, there is a smaller line of text that appears to be "X. S. M. P.". To the right of the signature, there is a small, stylized mark or stamp.

Sinatura de Diego no ano 1774



Escudo do pazo da Golpelleira

O escudo podémolo ver no pazo da Golpelleira:

Primeiro cuartel, “escudo de ouro (o campo de ouro significa poder, sabedoría e nobreza) e nel unha aciñeira verde, e no seu pé dous lobos negros andantes (os lobos demostran valentía), atravesando un por detrás e outro por diante, primitivas armas dos

LÓPEZ en Galicia. *Segundo cuartel*, escudo roxo cun chevron que alude os valentes e esforzados guerreiros que saben defenderse dos inimigos, e as cabezas de dragón que falan da superación nos perigos, dos MONDRAGÓN. *Terceiro cuartel*: unha banda de boca a boca de serpes, que valoriza aos cabaleiros guerreiros, dos NAVIA. *Cuarto cuartel*: escudo en campo de ouro con cinco bastóns verdes, e no alto catro flores de lis en roxo, e no baixo outra (as flores de lis fan referencia aos feitos heroicos), dos VARELA.

Casou no salón da casa da Buzaca o 12 de outubro de 1775 coa súa curmá M^a *Vicenta Antonia Varela e Vereá Mariño de Lobera*⁸⁹, bautizada o 25 de xuño de 1757, filla de Diego Andrés José Varela Noboa Mariño de Lobera⁹⁰, (bautizado o 19 de outubro de 1720), dono das casas de Buzacaen Moraña, Casalnovos (Caldas) e outras, e de María Rosalía Vereá de Aguiar, bautizada en Santiago de Andeade o 6 de febreiro de 1730; por liña paterna de Diego Varela Mariño de Lobera⁹¹, natural de Casalnovos, e de Andrea Josefa Vereá Fariña, natural de Santiago e neta por liña materna de Pedro Antonio Vereá de Aguiar Pacheco⁹² e de María Antonia Varela Figueroa e Lodeiro, da casa grande de Andeade (Touro)⁹³.

Di ser parente de Diego Antonio Cornide con quen se carteaba, aínda que as cartas tardaban tres o catro meses en chegar, se non se perdían. Nunha das cartas que lle enviou en 1774 despídese dicindo: “*A mi pariente Jose Andrés*⁹⁴, *que deseo darle un abrazo y conocerlo*”. Diego e Diego Antonio tiñan coincido en México, pois Cornide en 1765 foi nomeado asesor xeral do vicerrei da Nova España, o marqués de Croix. Cornide interveu no xuízo contra o marqués de Croix, que fora demandado polo capitán xeral de Texas, e unha vez resolto Diego López-Ballesteros en xaneiro de 1775 na Coruña adiantoulle ao marqués os 12.000 reais que logo Diego había de cobrar das autoridades españolas en México.

Diego finou o 11 de setembro de 1786 tendo feito testamento a véspera ante Francisco Pérez de Ocampo, veciño de Dorrón. E María Vicenta, que uns días despois continuou un preito⁹⁵ por débedas que iniciara o seu home, outorgou testamento o 27 de abril de 1801 ante Bartolomé Oliver Paz, de Carril, e faleceuao día seguinte.

Tiveron como fillos a *José María* (1775-1781), **Luís** (*que segue*) e *Diego*, que nado en 1783, finou no Real Sitio de san Ildefonso o 20 de setembro de 1809, servindo no Corpo de Gardas de Corps.

⁸⁸ ARG. Papeis de Cornide, 44823/262 e 44994/21.

⁸⁹ O seu irmán Benito Ramón (nacido o 14/4/1754), dono da casa e pazo de Casalnovos e os seus morgados, obtivo Real Provisión na Real Sala de Fillosdalgo da Chancelería de Valladolid.

⁹⁰ Diego José, ou José Diego, era neto do licenciado Pedro Varela e Dubra, veciño de Caldas, e de Inés Mariño de Lobera, que dotaron o 28 de febreiro de 1667 a capela de San Miguel na igrexa de Caldas, na que tiñan sepulcro. José Diego, ¿fillo de Benito Varela e Salnés, veciño de Arcos da Condesa? casou por poderes en Andeade o 8 de setembro de 1749. Testou na súa casa da Buzaca o 26 de xaneiro de 1773 ante Alonso de Chan Caldas, no que declara que tivo por fillos a *Benito Ramón, Pedro Antonio, José Ángel, Jacobo Juan, M^a Vicenta e Josefa Joaquina*.

⁹¹ Casou en san Miguel dos Agros o 14 de febreiro de 1718. Testou o 13 de febreiro de 1742 ante Antonio de la Fuente nomeando como sucesor a seu fillo (Diego A.) José, se ben di que ten unha filla chamada Manuela no convento compostelán de san Paio.

⁹² Pedro Antonio Vereá e M^a Antonia Varela Figueroa e Lodeiro casaron en Andeade o 30 de xuño de 1721. Tiveron por fillos a Benita, relixiosa en san Paio, Vicente Gregorio (o vinculeiro), José Fernando cura de san Martín de Calvos do Camiño, Antonio Manuel avogado da R.A e cura de san Mamede de Amil, M^a Rosalía, Pedro e Juan. Pedro testou en Andeade a 4 de decembro de 1760.

⁹³ DE LA PEÑA VIDAL, C., 2003: 55-68

⁹⁴ ARG. Papeis de Cornide, 44823/262 e 44994/21. A filla de José Cornide venderá unha casa brasonada en Valga, que era da súa nai, á familia López-Ballesteros.

⁹⁵ ARG RA 9241/26

LUÍS LÓPEZ-BALLESTEROS, bautizado 21 de xuño de 1782 na parroquia de Santa Olalla de Vilagarcía de Arosa cos nomes de *Luis Gonzaga María José Juan Joaquín Antonio* tendo por padriños a seu tío José López Ballesteros, cura de san Breixo de Queiroás (Ourense) e Juana Mondragón, avoa do bautizado.



Luis López Ballesteros

Como era o primoxénito cando morreu súa nai foi o herdeiro dos vínculos e morgados da familia.

Participou activamente na Guerra da Independencia como organizador da intendencia polo que foi condecorado coa Cruz da Xunta Superior de Galicia. O 10 de outubro de 1816 foi nomeado cabaleiro da Orde de Carlos III. Pero tamén foi cabaleiro da Lexión de honor de Francia, da de san Xenaro de Nápoles e da Torre e Espada de Portugal, Maestrante de Zaragoza, membro da Academia das Artes de S. Fernando, etc.

Chegou a ser ministro de Facenda⁹⁶ durante o reinado de Fernando VII e senador pola Coruña 1844-45 e logo vitalicio ata a súa morte o 13 de outubro de 1853. Foi quen creou a Bolsa e a Academia de Historia, desenrolou as primeiras leis sobre Minería e modernizou a Facenda e fundou o Conservatorio de Artes e Oficios de Madrid en 1824.

Oficiando a voda D. Ramón Pérez Villamil, cura de santa Baia de Xil (e que antes estivo en Matalobos e Valoira), Luis casou en Carril aos 20 anos o 14 de novembro de 1802 con *Josefa Jacoba Ramona Pérez Santamarina Flórez Villamil*, bautizada en Santiago o 23 de decembro de 1782, filla de Ramón Pérez Santamarina e de María de las Nieves Flórez Villamil e Cueto⁹⁷, veciña da parroquia de san Bieito do Campo en Santiago, pero natural de Santa Mariña de Vega do concello de Navia (Asturias). Josefa era neta por liña paterna de José Domingo Pérez Santamarina e de Antonia Méndez Villamil, e por liña materna de Francisco Flórez Villamil Lanza Trelles (fillo de Gregorio Flórez Villamil e de M^a Laura Lanza Trelles⁹⁸) e de Catalina Salvador Fernández Cueto, natural de Villapedre en Navia, todos fidalgos.

⁹⁶Cfr.: GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1987)

⁹⁷Este matrimonio era natural estes da parroquia asturiana de Santa Marina de Vega en Navia. Casou o 30 de decembro de 1778 en Santiago de Villapedre, concello de Navia.

⁹⁸Máis datos da súa familia en: AHN Universidades, 666-3,Exp.30.

Luís nos seus últimos anos estaba moi preocupado pola educación e posición económica dos seus fillos e dos seus netos, polo que dá certos consellos como que vivan en Santiago ou Madrid, para que os netos poidan acceder aos estudos e situarse cerca dos centros de poder.

O matrimonio outorgou testamento⁹⁹ en Santiago o 23 de novembro de 1837 e un codicilo en Madrid o 18 de abril de 1853 ante Mariano Fernández García, no que melloraban ao fillo maior que os sobrevivise ademais da metade vincular. Trala morte de Luís, a súa muller pediulle a seus fillos que as partillas as fixesen despois da súa morte, para non ter que facelas dúas veces e así ter menos traballos e gastos. Por iso se fixeron en outubro de 1855.

Tivo doce fillos, dos que catro morreron antes que el:

1.-Ramón María Francisco Javier Luis José Antonio López-Ballesteros, nacido e bautizado na parroquia compostelá de san Bieito o 17 de novembro de 1803. A partir de 1816 fixo estudos de Lóxica e Metafísica no colexio dos PP. Agostiños de D^a María de Aragón¹⁰⁰. Seguiu a carreira de Leis en Salamanca e na Central de Madrid, e logo entrou na carreira militar. Finou o 30 de xullo de 1825 en Guanabacoa, nas aforas da Habana, como 2º comandante de batallón e antes capitán de infantería.

2.- Diego Santos Harnesto Luis María Ramón José, naceu e foi bautizado o 1 de novembro de 1804 en Vilagarcía, tendo por padriños a seus tíos maternos Ramón e M^a Concepción. Recibiu en 1814 a tonsura¹⁰¹, igual que o seu irmán Joaquín.



*Diego López-Ballesteros,
por Marcos Hiráldez de Acosta, 1877.
Congreso dos Deputados*

Cabaleiro da Orde Carlos III en 1829, Cruz de comendador da orde americana de Isabel a Católica en 1830¹⁰², foi elixido deputado a Cortes por Pontevedra en case todos

⁹⁹ AHUS. Protocolos de Manuel Felipe González.

¹⁰⁰ O colexio foi fundado en 1590 por María de Córdoba y Aragón, dama da raíña dona Ana de Austria e filla de don Álvaro de Córdoba, cabalerizo maior de Felipe II. Coa desamortización o edificio pasou a acoller diversas entidades e actualmente é o Palacio do Senado.

¹⁰¹ Era usual recibir a tonsura, xa que así pasaban a un estamento superior, malia que xa pertencía á fidalguía.

¹⁰² AHN. ESTADO,6318, Exp.82

os comicios desde 1837 ata 1865 e foi presidente das Cortes por 176 votos dos 179 posibles desde o 2 de decembro de 1862 ata 12 de agosto de 1863 (os outros tres votos repartíronse entre os Sres. Rivas, González Serrano e Mayáns). Ademais foi Conselleiro de Estado e ministro de Ultramar, é dicir, encargado das colonias españolas do Imperio Español desde o 1 de marzo de 1864 ata o 16 de setembro dese mesmo ano.

O 19 de xaneiro de 1840 solicitou permiso para casar, que lle foi concedido en maio. Tamén tiña permiso paterno do 21 de abril en Sevilla e a noiva con permiso materno en Santiago o 4 de maio dese ano. Casou o 8 de maio dese ano na Colexiata de Santa María de Vigo con *Dolores Basadre e Neira*, bautizada na parroquia compostelá de Salomé o 11 de agosto de 1820, filla do coronel *Juan Basadre Abona*, coronel graduado e capitán retirado e de *Joaquina de Neira Vázquez*.

Tiveron un único fillo nacido o 4 de novembro de 1845 e bautizado na parroquia madrileña de san Miguel e san Xusto cos nomes de *Joaquín, Juan, Diego, María e Carlos*, pero finou no Real Sitio de san Ildefonso o 21 de agosto de 1846.

Dolores, cando morreu o seu tío Diego María Basadre Abona en 1855, recibiu en herdanza a metade dos bens do morgado dos Basadre, o que supuña unha gran fortuna¹⁰³, valorada en máis de 1.258.000 reais. A Dolores correspondeulle:

- Cartos en metálico.
- Casa principal de Santiago.
- Un oficio de escribán en Santiago.
- Casa de Vista Real e a súa capela dedicada a S.Xoán Bautista con hortas, pombal e terreos anexos.
- Rendas de diversas casas en Santiago e Angrois.
- Rendas por terreos en Conxo, Boqueixón, Vedra, Brión, Padrón, Teo, etc.
- A casa e rendas e desmos en Eidián, Santiso, Barredo, Santa Comba, etc., así como o dereito de padroado e presentación do cura párroco en Eidián e outras parroquias.
- Rendas de viño en Castrelo do Miño.



Capela de san Xoán Bautista.
Iñobre. Taragoña (Rianxo)

Dolores herdou tamén de seus pais e de seu tío Nicolás Neira e como vivía en Madrid, tiña en Galicia a diversos administradores das súas propiedades. Mentres vivía Diego, era este que os nomeaba, despois foi ela quen confirmaba aos administradores ou puña outros. Os administradores foron Pedro José Oro e logo Juan Varela Seijas, da Puebla do Deán, que administraban os bens e rendas da casa de Basadre. Tomás Pazos administraba a casa de Barraazón que herdou Dolores de seus pais. José Casal Ruibal, notario de Caldas de Reis, levaba os bens pertencentes ao pazo de Golpilleira que se estendían a Padrón, Cambados, Caldas e Vilagarcía. Manuel Abeleira, de Rianxo, levaba os bens de Vista Real en Taragoña. Eduardo Diz levaba os bens que tiña en Vilaba. Vicente Monasterio e logo o escribán compostelán Francisco Vieites García administraban os bens que tiñan en Santiago.

Diego no ano 1840 comprou a illa de Cortegada á “Junta de Ventas de Bienes

¹⁰³ ANC. Protocolos de Ruperto Sánchez, ano 1857.

Nacionales” por 44.058 reais¹⁰⁴.

Logo cando morreu seu pai, Diego herdou a metade dos bens vinculares máis a mellora que lle deixaron seus pais mediante testamento. Á hora de facer as partillas ofreceulle a seus irmáns darlles 35.000 pts en bens, que era máis do que lles podía corresponder, o que aceptaron. As partillas¹⁰⁵ fixéronse o 26 de outubro de 1855. O inventario do pazo da Golpilleira fixérao o administrador Ramón José Cunqueiro, e o seu parente Lorenzo Varela Sarmiento, do pazo da Buzaca, foi quen dilucidou cales eran os bens vinculares.

Diego morreu na mañá do 27 de marzo de 1869 deixando disposición testamentaria ante o notario madrileño Claudio Sanz e Barea, realizada o 18 de agosto de 1857, sendo os testamenteiros a súa muller, o seu irmán Nicolás e o seu parente Lorenzo Varela, dono do pazo da Buzaca. Deixaba á súa muller como herdeira en usufruto vitalicio, e trala morte desta quedaba como herdeiro o seu irmán e cóengo Nicolás, que era o seguinte irmán vivo. E como Diego pensaba deixar uns bens a seu irmán Vicente, casado con Carolina Neira Flórez, Nicolás fai efectivo ese desexo, dándolle tres casas en Vilagarcía na rúa da Igrexa, nº 2,4 e 6, que fan esquina coa praza do reloxo¹⁰⁶.

Entón como Diego tiña máis de 32 anos de servizo ao Estado e con altos cargos, Dolores, viúva, comezou a cobrar unha pensión estatal de 1500 escudos anuais.



Entrada do pazo de Eidián

Dolores rica e sen descendencia, foi vendendo e doando moitos dos bens que lle pertencían. En 1870 axudou a que os xesuítas se instalasen en Santiago nunha casa fronte ao convento das relixiosas da Ensinanza¹⁰⁷. “...Dolores Basadre, viuda de Ballesteros, aunque no residía en Santiago, sino en Villagarcía, a donde con frecuencia llevaba a los Padres a predicar, confesar y promover la Congregación del Sagrado Corazón de Jesús, establecida en su propia capilla. Ni sólo a los de Santiago, sino también a los de Madrid favorecía con sus buenas y constantes limosnas; y no contenta con eso todavía dejó al morir una cuantiosa suma a disposición de la Compañía”.¹⁰⁸

¹⁰⁴ GARRIDO CASTROMAN, D. 2007

¹⁰⁵ AHUS Protocolos de Francisco Vieites.

¹⁰⁶ Nas partillas dos bens de seus pais, estas casas xa lle tocaran a Vicente.

¹⁰⁷ REVUELTA GONZÁLEZ, M. 1984: 226

¹⁰⁸ http://bibliotecadigital.jcyl.es/i18n/catalogo_imagenes/imagen.cmd?path=10077151&posicion=1
LESMESS FRIAS, 1915 : 53

En 1872 Dolores Basadre “*vendeu a casa de Vista Real e propiedades a Don Benito Arca y Coto, veciño de San Xoán de Baión-Vilanova, acabando así, como posuidores, toda unha estirpe nobiliaria dos Caamaño-Mendoza, e logo dos Basadre, en Taragoña.*”¹⁰⁹

E a casa e propiedades de Eidián pasou a un antepasado invidente da familia Pampín, polo que o Pazo empezou a ser coñecido como a *Casa do Cego*, nome co que hoxe segue sendo identificado polos veciños. Ultimamente o pazo está sendo explotado como lugar de turismo rural para aloxamento e celebración de enlaces e banquetes.

Trala morte de Nicolás López-Ballesteros, que non tiña descendencia lexítima pois era cóengo, a metade dos bens do morgado pasaron ao seguinte irmán, a Romualdo, por iso logo é **Enriqueta López-Ballesteros e Carrasco**, a filla de Romualdo a que aparece como dona da Golpilleira.

3.-Joaquín Vicente Rufino López-Ballesteros, bautizado en Vilagarcía o 16 de novembro de 1805. Obtivo a tonsura en 1814, pero logo foi militar. Morreu o 2 de outubro de 1835 en Cagayán, capital de Misamis na illa de Mindanao (Filipinas), sendo tenente coronel de infantería, correxedor de Misamis e comandante militar do seu presidio.

4.-Nicolás Bernardo Manuel López-Ballesteros, nacido o 1 de xaneiro de 1807 en Vilagarcía. Obtivo todas as ordes sagradas entre 1814 e 1831. En 1829 sendo reitor e colexial teólogo do Colexio Maior de Fonseca, accede a unha coenxía da Catedral de Santiago de Compostela, vacante por defunción de Rafael López Lago, aínda que curiosamente aínda non era presbítero. Foi doutor en “Cánones” pola Universidade de Santiago en 1832. En 1838 era o administrador e capelán do “Gran Hospital Nacional de Santiago”. Quizais por ser cura, era en quen descargaba seu pai as súas preocupacións familiares, e el correspondía coidando no posible dos seus irmáns e sobriños. Non foi ata o ano 1848 en que o seu cuñado Quiroga, poucos días antes de morrer, lle avisou de que quedaba libre unha praza de supernumerario do Tribunal Supremo da Rota, polo que foi presentado para tal cargo ante o goberno e atinxindo pouco despois a confirmación do Papa.

Foi mecenas do escultor compostelán Juan Sanmartín Serna. Nas partillas dos bens do seus pais correspondeulle a “Casa do Ouro” coa súa granxa e bens contiguos en Vilagarcía, así como cartos e accións en Minas.

Finou en Madrid o 5 de marzo de 1875.

5.- Modesta Ventura Nicolasa López-Ballesteros Pérez.Naceu en Vilagarcía o 26 de febreiro de 1808. Finou solteira en Madrid, rúa Relatores, o 14 de outubro de 1824.

6.- Marcelina Jacoba María del Carmen López-Ballesteros Pérez, nacida en Meloxo da parroquia do Grove o 2 de xuño de 1809 e bautizada dous días despois.

Foi dotada con 120.000 reais e casou en Madrid na parroquia de san Millán o 27 de xaneiro de 1827 con *José Vicente Patiño Estévez*, veciño de Obre (Noia), fillo de José Diego e de Ana Josefa Estévez Quiroga, señores da *casa de Bergondo*¹¹⁰, naturais

¹⁰⁹ COMOXO, X.-SANTOS, X., 1997: 267

¹¹⁰“El pazo de Bergondo de Arriba consta de dos cuerpos separados por la entrada formada por un muro de sillería con almenas a los lados y una cruz en el centro. Se accede al pazo por una magnífica escalinata doble. En el segundo cuerpo, el de la derecha, se halla la iglesia de san Diego de Alcalá”. Gran Enciclopedia Gallega, 1974. Tomo 23.

de san Xiao de Artes (Noia). Viviron en Noia pero a finais de 1848 marcharon a vivir a Santiago, onde tiñan mellores oportunidades de darlle estudos a seus fillos e finalmente a Madrid.

Nas partillas dos bens dos pais de Marcelina correspondeulle 120.000 reais en censos, mobles de caoba da casa de Santiago, ademais do dote recibido. Os seus fillos foron :

a.- *Mª de la Presentación Teresa Luisa Patiño López-Ballesteros*, nacida o 21 de novembro de 1834 en Obre.

b.- *Diego Antonio Patiño*, bautizado en Obre o 17 de outubro de 1836. Estivo estudando en Madrid baixo a tutela do seu tío Nicolás.

c.- *Benigno Patiño López*.

d.- *Nicolás Gaspar Patiño*, bautizado en Obre o 7 de xaneiro de 1840.

e.- *Luís Prudencio*, bautizado o 28 de abril de 1842 en Santiago (Solovio) tendo por padriños a seus tíos maternos o cóengo Nicolás e a Ana López-Ballesteros. En 1862 estaba en Santiago estudando 3º de Filosofía e obtivo o grado de Artes. Foi entón cando entrou a traballar para o Ministerio de Facenda. Foi membro da Deputación Provincial da Coruña. Casou con Concepción López Vazquez Ballesteros (+ Noia,30/1/1923), filla de Luis Mª López Vázquez Luna e de Antonia Vazquez Ballesteros (+1895).

f.- *José de los Santos Patiño López-Ballesteros*, bautizado en Obre o 1 de novembro de 1843, tendo por padriño á súa irmá Mª Presentación.

g.- *Miguel Ramón Joaquin Patiño*, recibiu as augas bautismais en san Fiz de Solovio o 27 de setembro de 1849, tendo por padriño a seu irmán Diego.

h.- *Mª Dolores Patiño López-Ballesteros*, bautizada en san Fiz o 28 de marzo de 1851,tendo por padriño a Benigno, irmán da nena.

7.- ***Teresa Olegaria López-Ballesteros Pérez***, nacida en Vilagarcía o 2 de outubro de 1810. Casou o 27 de setembro de 1827 na parroquia de San Miguel e San Xusto de Madrid con D. *Salvador María Quiroga e Puga*, fillo de Bernardo Quiroga Arias, natural da Pobra de San Xiao (Lugo) e de Benita Puga Arrojo, natural de Ourense. Salvador exerceu como maxistrado na Audiencia de Albacete.

Cando tiveron a seus fillos Josefa e Benigno, como el era maxistrado, vivían en Santiago, na rúa Castro, nº 3. Salvador morreu seguramente o 29 de xaneiro de 1848 deixando dez fillos, dato que dá o seu pai Luis nunha carta dirixida á súa irmá Marcelina. Teresa coa axuda da familia marchou para Madrid en outubro-novembro de 1848 cos seus fillos, para darlle estudos, pois esa era a intención que tiña o seu marido. A casa da rúa compostelá do Castro pasou a habitala a familia da súa irmá Marcelina xa que dese xeito podía darlle estudos a seus fillos.

En 1855 cando se fixeron as partillas de seus pais correspondeulle os 140.000 reais que levara de dote así como os regalos de voda.

Pais de:

a.- *Luis Bernado José Benito Andrés Avelino Quiroga*.Estudou, igual que Cesareo en Lugo, e en 1848 ían comezar estudos superiores.

b.- *CesáreoQuiroga López Ballesteros*,.

c.- *Salvador Quiroga López Ballesteros*, nacido en Valladolid, casou coa súa curmá *Enriqueta López-Ballesteros Carrasco*, filla natural de Romualdo. Enriqueta foi a **dona do pazo da Golpilleira**, que era administrado coas súas rendas por Manuel Moreira Escasi, veciño de Moraña. Pero vivían habitualmente en Madrid na rúa Pez, 24-3º. Salvador finou en Madrid o 29 de

xullo de 1914 e foi enterrado na Pobra de San Xiao (Láncara. Lugo).

d.- *Juan José Quiroga Lopez Ballesteros.*

e.- *Josefa M^a de los Dolores Lina Nicolasa Quiroga López-Ballesteros*, bautizada en san Fiz o 23 de setembro de 1844, tendo por padriños a seu tío Nicolás e a Dolores Basadre, a muller de Diego López-Ballesteros.

f.- *Benigno Quiroga López-Ballesteros*, bautizado en Santiago (S. Fiz de Solovio) o 14 de xaneiro de 1847 tendo por madriña a súa tía Ana López-Ballesteros en nome da súa irmá Marcelina. Foi enxeñeiro 2º de Montes no distrito forestal de Madrid e ministro da gobernación (1906) durante o reinado de Alfonso XIII. Xunto ao Conde Campomanes fomentou a explotación das augas medicinais do Incio.

Casou con Julia Espín y Pérez Collbrandt, musa inspiradora de moitos versos do poeta Gustavo Adolfo Becquer. Benigno finou en Madrid o 3 de marzo de 1908. Foron pais de *Luís*¹¹¹, *José*¹¹² e *Joaquín Quiroga e Espín* (Madrid, 1880-1971), deputado a Cortes, que foi honrado polo rei Afonso XIII co título de **conde de Quiroga-Ballesteros** en 1931.

Os tres irmáns Quiroga e Espin preitearon en 1920 sen éxito pola herdanza deixada pola súa tía Enriqueta, é dicir, polos bens da Golpelleira.

8.- **Romualdo López-Ballesteros.** Foi bautizado privadamente por necesidade o 7 de febreiro de 1812 polo cura de Sobradelo cos nomes de *Romualdo Ramón María*. Dedicouse ás artes pictóricas estudando en Madrid e en París. Estivo co pintor Madrazo. Foi pensionista por S.M. en 1832 para estudar ciencias exactas, física e naturais. En xuño de 1838 administrador electo da renda de viños da cidade de Manila, pero en setembro dese ano foi nomeado administrador de Aduanas de Sta. Cruz de Tenerife, cargo que exerceu logo en Santander, Bilbao e Barcelona. En 1848 foi intendente provincial en Guipúzcoa, inspector de Aduanas en Málaga en 1850, ascendendo nos anos seguintes dentro da Dirección Xeral de Aduanas tras ser creada o 31 de outubro de 1856, ata ser o Director Xeral de Aduanas en 1864¹¹³. De aí que en 1865 xa levaba 26 anos ao servizo do Estado, pasando de cobrar 12.000 reais anuais en 1832 a 50.000 reais en 1865. Estivo na Exposición Internacional de Londres (1851), da que deu un informe ao Goberno. Tamén foi deputado a Cortes por Lugo.

Como resultado das partillas de seus pais recibiu a casa grande de Carril, un almacén con bóveda de cantería na r/ Forno, propiedades en Vilagarcía, Rubiáns, Bamio e Romai, así como accións en Minas, foros e censos. Pero trala morte dos seus irmáns maiores (vía masculina) sen descendencia, a fortuna da Golpelleira pasou ás súas mans.

Estando na intendencia en San Sebastián, solteiro e con 35 anos tivo unha filla natural de Josefa Carrasco e Molina, que foi bautizada en Baiona (Francia) o 22 de maio de 1848 cos nomes de **Enriqueta Josefa Romualda** (*que segue*) e foi lexitimada o 18 de febreiro de 1853.

Romualdo outorgou testamento o 17 de maio de 1854 ante o notario madrileño Ramón ¿Leguina? nomeando á súa filla Enriqueta como única herdeira. Romualdo finou o 19 de abril de 1872 e foi enterrado na parroquia de san Xusto (Madrid). Entón Enriqueta pediu a pensión de orfandade, que volvería a solicitar cando quedou viúva en 1814, recibindo entón 1.000 reais mensuais.

¹¹¹Deputado a Cortes, casou con Gertrudis Quiroga e Vázquez Queipo. Herdou a casa de Hospital de Incio.

¹¹²José herdou a casa da Póboa de San Xiao. Casou con Teresa López Vázquez. Con descendencia.

¹¹³AHN. FC-Mº HACIENDA,3066,Exp.202 ; 3127,Exp.153

Enriqueta López-Ballesteros e Carrasco, que casou con **Salvador Quiroga López-Ballesteros**, fillo de Salvador Quiroga Puga, de san Xiao (Láncara. Lugo) e de Teresa López-Ballesteros. Salvador finou aos 80 anos e catro meses o 29 de xullo de 1914 en Madrid, pero foi inhumado en Póboa de San Xiao.

Enriqueta afillou a Enriqueta, filla lexítima de Ramón Prego Castro e de Carmén López Díaz mediante escritura de adopción do 1 de xuño de 1916 ante Primo Álvarez Cueva e Díaz, de Madrid, autorizando a chamarse **Enriqueta López-Ballesteros e Prego López**. (que segue)

Enriqueta, que seguramente finou na primeira metade do ano 1920, e Salvador eran os donos do *pazo da Golpelleira*.

Sucedulle Enriqueta Lopez-Ballesteros e Prego López se ben houbo unha reclamación xudicial pola herdanza por parte dos irmáns Luis, Joaquín e José Quiroga Espín (casados os dous primeiros e solteiro o último), pero o tempo dos morgados xa pasara e a sentenza da Audiencia Territorial de Madrid saíu o 19/12/1922 a favor de Enriqueta, que nese momento estaba casada con Miguel Remírez Esparza, e que se publicou logo no Boletín Oficial Provincial de Madrid.

Enriqueta Lopez-Ballesteros e Prego López. naceu o 24 de outubro de 1896 en Vilagarcía, onde finou o 22 de febreiro de 1981.

Casou primeiro en 1918 co tenente de cabalería **Miguel Remírez de Esparza** que morreu en Fondak (Marruecos) o 18 de outubro e foi enterrado en Vilagarcía o 4 de novembro de 1924. Foron pais de José Luis, que finou en abril de 1931 aos dez anos. Logo casou con **José María Remírez de Esparza**. Fillos de Enriqueta foron:

a.- **Fernando Remírez de Esparza e López-Ballesteros**, nacido en 1925, casou en 1972 (petición de man en abril).con **Mercedes Elias Molins e Sotés**. Coronel de cabalería, retirado, finou aos 87 anos de idade o 12 de xaneiro de 2013. Pais de **Fernando**.



Miguel Remírez de Esparza

†
EXCELENTÍSIMO SEÑOR

**D. FERNANDO REMÍREZ DE ESPARZA
Y LÓPEZ BALLESTEROS**

CORONEL DE CABALLERÍA RETIRADO, DOS CRUCES AL MÉRITO MILITAR CON DISTINTIVO BLANCO DE 1.ª CLASE, CRUZ Y PLACA DE LA REAL Y MILITAR ORDEN DE SAN HERMENEGILDO, MEDALLA DE LA PAZ DE MARRUECOS, MEDALLA DE SUPLENIENTES POR LA PATRIA, MEDALLA DE MUTILADO EN ACTO DE SERVICIO, (DISTINTIVO DE REGULARES, DISTINTIVO DE MAESTRO PROFESOR DE EQUITACIÓN, GRAN JINETE DE ESPAÑA). «AMÓ PROFUNDAMENTE A ESPAÑA»

FALLECIÓ EN VILLAGARCÍA DE AROSA (PONTEVEDRA)

EL DÍA 12 DE ENERO DE 2013

a los ochenta y siete años de edad
Bajo el Manto de la Virgen del Pilar

D. E. P.

Su esposa, Mercedes Elias de Molins y Sotés; hijo, Fernando Remírez de Esparza y Elias de Molins; hermana política, Ruth Lindner Selbmann; sobrinos, primos, compañeros, amigos y demás familia

RUEGAN una oración por su alma.

Y asistan a la conducción mañana lunes, a las trece quince horas, a la iglesia parroquial de Santa Eulalia de Arelonga, donde se celebrarán los funerales y seguidamente al traslado al Cementerio General de Vilagarcía, favores por los que les anticipan gracias. (3)

†

**DOÑA ENRIQUETA REMÍREZ DE ESPARZA
LÓPEZ-BALLESTEROS**

VIUDA DE DON FELIPE PÉREZ SOMARRIBA

FALLECIÓ EN MADRID

EL DÍA 28 DE JULIO DE 2012

Habiendo recibido los Santos Sacramentos y la Bendición Apostólica

D. E. P.

Sus hijos, Felipe y María José Yravedra Soriano; sus nietas, María Enriqueta, María del Carmen, María Gabriela y María Estela Pérez-Somarrriba Yravedra; sus hermanos, Miguel (†), Rafael (†), Fernando y José María (†); hermanas políticas, sobrinos, primos, amigos y demás familia

RUEGAN una oración por su alma.

El entierro se celebró en la intimidad, y una misa funeral en la Capilla del Pazo de la Golpelleira (Vilagarcía de Arousa).

La misa funeral por su eterno descanso se oficiará el martes 16 de octubre, a las diecinueve horas, en la Cripta de la Basílica Hispanoamericana de la Merced (calle General Moscardó 23, entrada por calle Basílica) de Madrid. (2)

b.- **Enriqueta Remírez Esparza e López-Ballesteros**,. Finou o 28 de xullo de

2012, viúva de Felipe Pérez Somarriba. Fillo: Felipe Pérez-Somarriba.

c.- *José María Remírez Esparza e López-Ballesteros*, enxeñeiro forestal e xefe do Servizo de Montes en Vigo. En xaneiro de 1973 tivo lugar a petición de man, para casar con *Ruth Linder Selbmann*.

d.- *Miguel Remírez Esparza e López-Ballesteros*.,

e.- *Rafael Remírez Esparza e López-Ballesteros*.

Actualmente o pazo da Golpelleira está rexentado polos irmáns Remírez de Esparza Lindner e Remírez de Esparza Elías de Molíns, fillos de Fernando e Enriqueta.

9.-Rafael López-Ballesteros Pérez. Naceu en Vilagarcía o 24 de outubro de 1813. Segundo seu pai, de mocinho era pouco estudoso e rebelde, “cuyos errores, quizá pagará por desgracia”. Estivo en Santiago a cargo do párroco compostelán de San Froitoso a partir de outubro de 1828 ata que foi para o colexio dos Xesuítas de Madrid onde estudou Física¹¹⁴. En 1938 era capitán do terceiro rexemento da Garda cando foi nomeado comendador da Orde de Isabel Católica, logo foi deputado a Cortes pola Coruña, representando a Pontedeume, en 1857. Foi brigadier en 1853, xeneral, Mariscal de Campo en 1864 e logo en 1866 marchou para Porto Rico e a unha comisión a Cuba¹¹⁵ como xeneral 2º cabo. Tamén foi Ministro da Guerra en 1868 e conselleiro do Consello Supremo da Guerra¹¹⁶, do que dimitiu en febreiro de 1871.

Seu pai adiantáralle 222.537 reais, como consta no codicilo, polo que tralas partillas dos bens de seus pais, aínda quedou debendo cartos a seus irmáns. Finou aos 59 anos o 5 de novembro de 1872¹¹⁷.

10.-Benigno Ramón Modesto López-Ballesteros, nacido o 13 de febreiro de 1817 e bautizado na parroquia madrileña de S. Miguel e de S. Xusto. Aos 10 anos foi proposto¹¹⁸ polo seu pai para entrar no Colexio de Nobres de Madrid e despois en 1835 declarouse hábil para estudar o grao de Bacharel en Filosofía. De carácter pacífico, avogado e doutor en Leis, foi tenente gobernador de Cuba, xuíz de primeira instancia en Humacao (Porto Rico) en 1842 e finou solteiro aos 28 anos en Santiago¹¹⁹ (r/ Castro, 3, na casa de seu irmán Nicolás) o 23 de decembro de 1845 dunha gastroenterite hepática crónica.

11.- Vicente Paul Diego Marcelino López-Ballesteros, nacido en Madrid o 19 de xullo de 1819, foi proposto en 1827 co seu irmán Benigno para entrar no Colexio de Nobres de Madrid. Seu pai dicía que, aínda que non lle faltaba “*talento, es testarudo y caprichosillo*”.

O 3 de xaneiro de 1833 comezou a carreira militar como cadete, subtenente en 1836, tenente en 1839, capitán en 1847 e retirouse co grao de coronel de infantería en

¹¹⁴ AHN Universidades, 474, Exp. 23

¹¹⁵ AHN, Ultramar, 1123, Exp. 54

¹¹⁶ [Http://hemerotecadigital.bne.es](http://hemerotecadigital.bne.es)

¹¹⁷ Aínda que sen confirmar, coido que foi o pai de *Luís*, xeneral de brigada que marchou para Cuba ao principio da guerra e finou en Porto Príncipe (Cuba) o 21 de xuño de 1898. Dito Luís foi pai do famoso periodista e director do *Imparcial*, chamado tamén Luís. *López-Ballesteros Fernández*, nacido 12 de agosto de 1869 en Mayagüez (Porto Rico) que se fixo bacharel en Tarragona (1884), fixo algún curso en Sevilla e estudou dereito en Barcelona (1889). Aos 27 anos estaba casado e vivía en Madrid, primeiro na rúa Hortaleza e logo na rúa Alcalá, 102, 2º. Presentouse en 1907 ao congreso de deputados por Lugo, logo nos anos seguintes presentouse por Almería ata 1923. Finou en Madrid o 2 de xullo de 1933.

¹¹⁸ AHN., Universidades, 666-3, Exp. 30

¹¹⁹ Parroquia de san Fiz de Solovio.

1856. En 1862 foi nomeado contador de Facenda da provincia de Almería e administrador da Facenda Pública de Lugo en 1864 durante uns meses.

Casou en Santiago o 16 de maio de 1868, aos 48 anos, con *Carolina Neira Flórez*, de 33 anos, filla de Ramón Neirade la Torre Saavedra¹²⁰ e de M^a Nieves Flórez, veciños de San Bieito do Campo, con 4º e 3º grao de consanguinidade, pois era sobriña de Dolores Basadre Neira, a muller de Diego López-Ballesteros, que foron os padriños da voda. O 15 de abril de 1869 foi declarado cesante no Ministerio de Facenda. Como curiosidade, a Carolina traíanlle de Madrid frascos de pasta depilatoria, que costaban cada un 50 reais¹²¹.

Como herdanza de seus pais recibiu a casa do Reloxo en Vilagarcía, así como outras na mesma rúa, outras casas en Travanca (Vilagarcía), Paderne (Baión), Sobreira (S: Pedro de Cea) Baión) e outra casa e fábrica de sardiña no porto de Vilaxoán, ademais de 6.000 reais en accións.

En 1881 padecía de reumatismos polo que un administrador seu lle aconsella: “*debiais haber ido a Cuntis con Carolina y de seguro que ya estariais curado. Con 15 o 20 baños se sale del paso*”¹²².

A familia de Carolina colleitaba viño sobre todo no Riveiro, que logo exportaban, aproveitando desde o ano 1881 o tren de Vigo a Ourense.

Vicente Lopez Ballesteros finou en Santiago 3 de marzo de 1888 aos 68 anos, aínda que foi sepultado en Ponte Ulla. O pasamento de Carolina tivo lugar o 29 de setembro de 1917 aos 83 anos na casa da Edra, en Sta. María Madalena de Ponte Ulla.

Foron pais de *Lolita*, que morreu de nena o 4 de xuño de 1879. En 1881 fixéronlle unha capeliña no cemiterio e trinta anos despois a habitación de Lolita seguía igual que o día en que morrera.

Ao non ter sucesión, o *pazo de Vista Alegre*, que pertencía a Carolina, pasou en usufruto á súa sobriña Ramona Sanjurjo Neira, filla da súa irmá Sofía e Ramón Sanjurjo Pardiñas, e máis tarde, a propiedade pasou a seu sobriño Ramón Neyra Gasset, fillo do avogado Gerardo Neira Flórez¹²³ e de Eugenia Gasset.

12.- Ana Juana Pantaleona López-Ballesteros Pérez, nacida o 27 de abril de 1824 e bautizada na parroquia madrileña de san Sebastián. En 1842 vivía solteira en Santiago na casa de seu irmán Nicolás, cóengo de Santiago. Con Nicolás tamén pasaron temporadas en Santiago as súas outras irmás e a nai. Porén en 1845 aparece vivindo en Madrid na mesma parroquia e quizais na mesma casa que seu irmán Diego. En 1855, cando se fixo a partilla dos bens de seus pais, seguía solteira. Recibiu como herdanza unha casa en Valga e outra en Gargantón cos seus muíños e terras anexas, así como diversos censos e foros.

¹²⁰Fillo de Juan Manuel Neira, dono do pazo de Brandeso, e de María Vicenta de la Torre Saavedra, dona do pazo de Vista Alegre (Ponte Ulla). Finou o 18/11/1867.

¹²¹ARG. Pazo de Brandeso, correspondencia de Vicente López-Ballesteros.

¹²²ARG. Pazo de Brandeso, correspondencia de Vicente López-Ballesteros.

¹²³Gerardo, irmán de Carolina e Sofía, foi favorecido polo seu sogro José Gasset Montañer con 100 accións do Banco de Comisións de Santiago para que entrase na súa xunta de goberno.(AHPPo Protocolos Pose Nabaza).

V.- CASAS FIDALGAS DE MONTEAGUDO (CODESEDA) E DE RIBELA

MARÍA ou **MARIANA BALLESTEROS PIMENTEL RIBADENEIRA**, filla de Antonio Ballesteros e de Leonor Pimentel, (ver páx. 8), de rapaza vivía en Padrón xunto co seu irmán Luís, pero logo casou sobre o ano 1667 con **Jacinto de Campelo**, fillo doutro Jacinto Campelo, boticario, que foi nomeado como segundo herdeiro no testamento de Mateo Ballesteros pois, como vimos ao principio, eran curmáns.

En 1670 disputaron co seu parente Francisco Núñez Monteagudo, descendente de Pedro Núñez (*marido de Julia de Castro, xa citado*) pola propiedade dunha solaina sita en Ponte Sarandón que principiaba na casa de Francisco e continuaba pegada á casa de Jacinto, e polos dereitos de rega dunha auga que viña desde Curuxeiras a través das terras de Jacinto por mor do *camino francés* que ía até Soutelo de Montes¹²⁴.

En 1675 Maríana e o seu irmán Luis deron poder a seu irmán Diego para hipotecar os seus bens, pois Diego necesitaba pedir un préstamo de 2000 ducados. Mariana fixoo coa condición de que ela só respondería sobre os réditos que non puidera pagar, e non sobre o capital.¹²⁵ Porén en 1691 Andrés Bermúdez de Castro, o seu parente e herdeiro do pazo de Arretén¹²⁶, pretendía cobrar nos bens de Mariana a débeda que tiña o seu irmán Diego.¹²⁷

Jacinto foi notario e familiar do Santo Oficio. En 1689 estaba practicamente cego¹²⁸. Con descendencia en Ribeira, pero que non mantiveron o apelido Ballesteros.

Ver a súa descendencia en *Casa dos Araújo* en: BÉRTOLO, JM-FERRO, L.M. (2020) *Torres, pazos e casas fidalgas da Estrada*. <http://www.museo.aestrada.gal/>

LUIS BALLESTEROS DEL MAZO PIMENTEL.

Irmán de María (ver páx. 8), nacido sobre 1640, fillo de Antonio Ballesteros e de Leonor Pimentel, foi capitán e casou con *Agustina Baltasara González Castro e Tineo*, que era veciña no Valado (Ardesende) do concello de Boqueixón, onde viviu o matrimonio.

Agustina, que tiña unha irmá chamada Lorenza, casada co cirurxián da Coruña Victorio Vázquez García, herdou por parte da súa familia as terras de Ardesende e Valado na parroquia de Codeso (Boqueixón). Nun preito¹²⁹ coa súa irmá ponse de manifesto que herda estas terras por pertencer a un morgado vincular fundado o 6 de decembro de 1585 por María González Castro casada con Aparicio Guimaráns –que tamén fixera un vínculo o 6 de decembro de 1580 ante o escribán Alonso López de Neira -, polos lugares de Outeiro, Pedreira, Ruavella, Ardesende, Torres, Martices e Rebordaos na parroquia de Codeso, así como de Oengas, que tiña foro do mosteiro de san Paio de Antealtares. María González deixara este vínculo a seu sobriño Juan González de Castro (o avó ou pai de Agostiña).

Luís e Agustina tiveron por fillos a:

¹²⁴ ARG. RA. 24078/63, 24831/79

¹²⁵ Protocolos de Juan Suarez do Couto, 27/10/1675

¹²⁶ Ver *Casa dos Araújo* en *Torres, pazos e casas fidalgas da Estrada*. <http://www.museo.aestrada.gal/>

¹²⁷ Protocolos de Juan Suarez do Couto, 5/1/1691

¹²⁸ Protocolos de Juan Suarez do Couto

¹²⁹ ARG.RA. 3509/7

1.- **Francisco Ballesteros Castro** (*que segue*)

2.- *Benita Ballesteros Castro*, que celebrou os esponsais con *Pedro Carlos Figueroa*, pero parece que non tiveron descendencia. Vivía en Santiago, na rúa Costa Vella, (detrás do Mosteiro de San Martín Pinario).


3.- *Melchor Ballesteros Castro*, que en 1703 foi ordenado subdiacono e logo foi cura na parroquia de Sta M^a Magdalena de Aldemunde e anexo San Mamede de Andoio, concello de Carballo.

4.- *José Ballesteros Castro*, que xunto con Melchor aparece como testamenteiro do seu irmán Francisco. Viviu en Rianxo onde casou con M^a *Sabina Faxardo e Andrade*, filla de Juan Bustamante Aldao e Breijo e de Ana Faxardo Castro e Andrade, veciños de Rus e Guísamo, ou de Santa Marta de Bavío. Sen descendencia.

FRANCISCO BALLESTEROS CASTRO, (algunha vez aparece como “Ballesteros González de Castro”, e frecuentemente engádeselle Pimentel) nacido seguramente en Ardesende (Codeso) onde vivían seus pais, foi rexedor de Santiago. En 1686 recibiu a orde elesiástica de prima, como outros moitos da familia, pois ao pasar a ser clérigo, cambiaba de status.

Mediante documento realizado en dita cidade o 25 de decembro de 1701 materializouse un compromiso de matrimonio con **Casilda del Villar Perrúa Vaamonde** bautizada en Padrón o 17 de decembro de 1676 tendo por padriño ao rexedor Francisco López de Fonseca. Casilda foi dotada polos seus pais, o rexedor D. Gonzalo del Villar Monteagudo e Juana Perrúa Vaamonde¹³⁰, entregándolle un dote por valor de 3.500 ducados. A voda tivo lugar en Codeso o 6 de xuño de 1704, cando xa tiñan unha filla de ano e medio, chamada Juana Lucía Agustina.

Gonzalo del Villar Monteagudo e Juana Perrúa Vaamonde, donos do *pazo de Monteagudo* en Codeseda¹³¹, tiveran catro fillos. Dado que un fillo, Federico, era cura e o outro, o capitán Agustín, morrera, fixeron en Santiago o 26 de setembro de 1710 mellora de terzo e quinto de tódolos seus bens con gravame de vínculo a favor das súas dúas fillas, Leonarda e Casilda, e deron facultade a Federico, para que puidese engadir a súa



Escudo do pazo de Monteagudo
Debuxo de Javier García Gómez

¹³⁰ Juana, filla de Francisco Perrúa Valdivieso e de Ana Yáñez Vaamonde, tiña por irmáns a:

1.- Francisco, bautizado en Padrón o 21 de agosto de 1650, tendo por padriños ao cóengo Vallejo e a Antonia Rubia, muller do rexedor Juan de Campaña.

2.- Diego Díaz de Perrúa Vaamonde, que vivía en Cee. A súa descendencia continúa por terras de Fisterra, como se pode ver en preitos do século XIX.

3.- Francisca Perrúa Vaamonde, que casará nos Muros, parroquia de San Pedro de Parada (A Estrada) con Pedro Rodríguez Leira y Castro, fillo de Juan Rodríguez Leira e Isabel do Campo.

4.- Fernando Perrúa Vaamonde, que era cura en Vilvestro, pai de María e Madalena Porrúa..

5.- Mariana Perrúa Vaamonde, casada co capitán Jacinto Bermúdez de Castro, fillo de María Castro Bermúdez e de Juan Gosende, fillo do capitán Alonso Gosende. (Ver “Casa Araúxo” o.c.).

¹³¹ BÉRTOLO, J.M.- FERRO, L.M.- (2020) Monteagudo, en *Torres, pazos e casas fidalgas da Estrada*. <http://www.museo.aestrada.gal/>

lexítima a unha ou outra parte, e en efecto fíxoo no testamento na persoa do seu sobriño máis novo, Ramón Ballesteros, fillo de Casilda, e coas cláusulas habituais, a saber, “*que os sucesores desta mellora sexan varóns ou mulleres non han de casar con varón ou muller que sexa notado de descendentes de xudeus, mouros ou herexes, nin reconciliados nin novamente convertidos aínda que sexa co transcurso de milésima xeración e baste para proba de calquera destes defectos a pública voz e fama do pobo ou parte del ou as declaracións de dúas testemuñas que declaren de dita fama e a teñan na república nin tampouco han de poder casar con descendentes de persoa que tivera oficio vil na república ata os bisavós ou teñan sido gafos (leprosos) e estean dotados de tal nela*”.

Nos anos 1713-16, -como xa temos visto- Francisco Ballesteros tivo un preito trala morte de Diego Ballesteros del Mazo, seu tío, con Antonio Ballesteros, fillo natural de Diego. Dise que en realidade Antonio era fillo dun capelán e que Diego tiña xurado que non tiña fillos, pero como o preito chegou a súa última instancia, a Valladolid, Francisco tivo que pedir a seu cuñado Federico diversas cantidades de diñeiro ata en catro ocasións, cuxa suma foi de 20.000 reais. Ao morrer Federico, a súa irmá Casilda que quedou herdeira en primeiro lugar é quen cobra a débeda, quedando atestado mediante documento o 23 de novembro de 1720 ante escribán.

O 24 de abril de 1722, trala morte dos seus pais, Leonarda e Casilda (cos seus maridos) fan partillas de tódolos bens avaliados en 177.285 reais (dotes incluídos). Polo que Francisco, como marido de Casilda, recibiu a casa principal de Monteagudo e anexos, propiedades na Insuela (casa, devesas e muíño), casa de Nigoi e anexos, foros de Ribela, Parada, Nigoi, Santaballa de Pardemarín, Vinseiro, Tabeirós e Ponte-Ulla, así como os 6.500 reais do dote e as alfaías que había na casa de Codeseda.

Francisco no seu testamento di que gastou moitos cartos por un preito do seu sogro Gonzalo contra o prior dos relixiosos de San Agostiño ante o tribunal da Inquisición, así como en arranxar o pazo de Codeseda.

Casilda del Villar, que por certo sabía firmar, e Francisco Ballesteros vivían en Codeso. Morreu Casilda o 31 de xullo de 1734 e Francisco o 22 de novembro de 1750, tendo feito testamento o 9 de setembro de 1743 que deixou cosido e cerrado. Foron enterrados ambos na igrexa de Santa Eulalia de Codeso.

Tiveron varios fillos:

1.- *Juana Lucía Agustina* que naceu sobre 1703, bautizada na parroquia de Santa Susana en Santiago de Compostela cos seus avós maternos por padriños, e foi enterrada en Codeso o 18 de agosto de 1726, aos 22 anos.

2.- **Agustín Ballesteros Villar**(*que segue*)

3.- *Manuela Antonia*, recibiu o bautismo en Codeso o 23 de decembro de 1709 e finou solteira o 12 de outubro de 1752 en Codeso.

4.- *Andrés Marcos*, que naceu en Codeso o 6 de xullo de 1710 e morreu aos 16 anos o 8 de setembro de 1726, é dicir, vinte días máis tarde que a súa irmá Xoana.

5.- *Gonzalo Martín Raimondo* que recibiu o seu primeiro sacramento en Codeso o 12 de xaneiro de 1715. Faleceu novo.

6.- **Ramón Antonio Ballesteros Villar**(*que segue*)

7.- *Demetria Leonarda* que recibiuas augas bautismais en Codeso o 21 de xuño de 1717 e, solteira, foi sepultada o 18 de xaneiro de 1753 en Codeso.

AGUSTÍN BALLESTEROS VILLAR (ou Ballesteros Castro Villar e Pimentel), nacido sobre 1707 posiblemente en Codeseda, vivía co seu pai na casa nova de Ardesende, mentres que na casa vella que estaba ao lado vivían as dúas irmás

solteiras, Manuela e Leonarda.

Ao morrer seu pai Francisco en 1750, as dúas irmás pediron facer as partillas da herdanza. Nomeáronse uns homes bos para que as fixesen pero por culpa do seu irmán Ramón, non se chegou a un acordo, polo que foron ante a Xustiza. Pero elas morreron sen que se chegasen a facer as partillas, Manuela sen testamento, e Leonarda deixando todo para seu irmán Ramón en testamento ante Andrés Isidoro Lamas.

No preito que estaba aberto polas partillas, Ramón acusou a seu irmán de demente, pois tiña ataques epilépticos (entón chamábase “*gota coral*”), polo que pedía facerse cargo de toda a herdanza, materna e paterna. Tamén o acusou de deixar que se deteriorase a súa facenda, se ben parece que era o propio Ramón quen soltaba o gando cabalar nas fincas de Agustín para que lle comesen as cepas. Pola súa parte, Agustín acusou a seu irmán de entrar na súa casa o día en que morreu seu pai, aproveitando que el saíra a Santiago, e de roubar a prata e papeis que estaban nunha arca, violentando a cerradura e logo deixándoa como se non a tivera forzado. É máis, cando saíu da casa chamou ao mordomo e criados para que comprobasen que non se levaba nada, polo que Agustín di que é culpable xa que “*si te excusas de algo que no te pidieron, te acusas*”.

Seu pai Francisco no testamento deixou a lexítima e terzo ás súas fillas a repartir, así como as roupas e alfaias que tivesen. A Ramón que se quedase co de Codeseda pero dando a seus irmáns certos ferrados de renda segura, e a Agustín para que se quedase co vínculo pedíalle que se fixese cargo da débeda contraída por el a causa do preito que tivera ante a Inquisición co convento de san Martiño polo troco que se fixera pola casa e bens do Valado a cambio doutros bens en Xallas (Sta Cristina de Marcelle) herdados do seu pai Luís.

Agustín tivo de solteiro unha filla, *M^a Antonia Luisa*, de **Josefa Bustillo Guinarte**, filla de José e Helena¹³² e sobriña de Francisco Bustillo¹³³, cura de Sabucedo e orixinario de Villameriel (Palencia) entre 1721 e 1737. Seguramente Josefa foi durante vinte anos a súa criada, pero logo casou o 5 de setembro de 1754 con Agustín, que xa estaba moi enfermo. (Púxolle impedimento á voda Andrea Tasende, veciña de Santiago, sobre palabra de casamento, pero resolveuno o provisor o 10 de agosto de 1754).

No testamento Agustín recoñeceu a M^a Antonia Luisa como filla e lexítima herdeira. Moi pouco despois, o 24 de marzo de 1755, dita **M^a Antonia Luisa Ballesteros Bustillo** casou en Codeso con *Rafael Antonio de Villa e Neira*, fillo de Alejandro de Villa e de Josefa Rei e Neira, veciños de Santa Mariña de Sucira, e será este quen continúe o proceso xudicial contra Ramón Ballesteros. Rafael e M^a Antonia, entre 1755 e 1768, tiveron varios fillos: *Rafael, M^a Antonia, Agustín, Manuela, Josefa Antonia, Pedro Antonio, M^a Josefa e Alejandro Manuel Antonio Villa Ballesteros*. Finou Rafael o 28 de novembro de 1802 e M^a Antonia o 6 de agosto de 1810, cando –ao igual que seu pai– xa non se achaba no seu san xuízo.

Agustín foi sepultado o 18 de xaneiro de 1758.

RAMÓN BALLESTEROS VILLAR (que como o seu irmán Agustín, aparece ás veces como Ballesteros Castro Villar e Pimentel, e nalgunha ocasión como Ballesteros González Castro), nacera sobre 1716 seguramente en Codeseda. En 1733 foi ordenado de clérigo.

Contraeu matrimonio aos 62 anos en Codeseda o 30 de agosto de 1778 con **Ana**

¹³²José Bustillo e Helena Guinarte, veciños de Sabucedo, outorgaron testamento (ARG. Protocolos de Plácido Vallexo Castro) o 22 de agosto de 1746 a favor do seu fillo Domingo Antonio. A Helena, se non casaba, deixábanlle a posibilidade de vivir na casa paterna.

María Vaamonde e Cortes, de 19 anos, nacida en Codeseda o 2 de marzo de 1759, filla de don Enrique Vaamonde, de Codeseda, e de D^a Luisa Cortes, natural de Escuadro (Silleda).

De mozo vivía xa na casa de Monteagudo cos seus criados e caseiros como propietario dela e das terras que pertencían á súa nai Casilda, -cando morre a súa nai e herda o dela e o do seu tío Federico, tiña 28 anos- co beneplácito de seu irmán primoxénito Agustín e de seu pai Francisco, polo que se supón que así se estipulara entre eles.

En 1747 Ramón aparece como Procurador Xeral da xurisdición e coto de Codeseda. E en 1750 tivo un preito¹³⁴ contra Agustín Lodeiro e o seu cuñado Francisco Ignacio Monteagudo Feixoo, fillo do famoso arquitecto Pedro Monteagudo, natural de Quireza, escribán e marido de *Leonarda Leira e Castro*, de Os Muros (Parada) por unhas taxas de 89 reais da copia dun preito.

Ramón pasou a vivir a Codeso trala herdanza que recibiu en 1753 da súa irmá Leonarda, aínda que quizais alternando temporadas en Codeseda. Fixo testamento de seu puño e letra, tal como consta na partida de defunción, deixando entre outras vontades, cinco mil reais para a capela que tiña feito xunto á súa casa en O Valado, en Codeso (Boqueixón). Deixaba mellorado en terzo e quinto a seu fillo primoxénito Pedro Ramón Antonio Liborio. Produciuse o óbito de Ramón o día 23 de maio de 1784 na súa casa de O Valado.

En 1788 contra Ana María Vaamonde puxo preito Rafael Antonio de Villa e Neira, marido da xa mencionada M^a Antonia Luisa Ballesteros Bustillo, porque Ana pretendía quedarse co vínculo que correspondera a Leonarda do Villar Porrúa en terras de Padrón e demais, pois morreran os seus fillos sen sucesión. Os argumentos de Ana eran que M^a Antonia Luisa nacera fóra de lexítimo matrimonio, e ademais Federico, irmán de Leonarda deixou a súa herdanza a Ramón Ballesteros e por último, este era o propietario do vínculo de Codeseda e o lóxico era que se uniran ambos vínculos. O resultado sen embargo foi que Ana perdeu o preito primeiro en A Coruña e logo ante a Chancelería de Valladolid¹³⁵.

Ana María volveu a contraer novas nupcias co licenciado Julián Francisco Seoane, do que non tivo descendencia. No seu testamento, feito ante Pablo Cereixo, deixou repartidos os seus bens entre os seus dous fillos, Manuel e Alejandro, xa que o primoxénito, Pedro, morrera á idade de 11 anos, e entre outras vontades o ser enterrada xunto a seu primeiro esposo, na sepultura que se achaba xunto ao coro. Ana finou o 11 de marzo de 1822 en Codeso. Os seus fillos foron:

- 1.- *Pedro Antonio Ramón Liborio*, que naceu o 29 de xuño de 1779 e morreu o 2 de novembro de 1790 en Codeso. Un ano antes fora ordenado de prima.
- 2.- *Manuel Miguel José Enrique Ballesteros Vaamonde* (ver **Apéndice**)
- 3.- **Alejandro Francisco Manuel Silvestre Ballesteros Vaamonde**.

ALEJANDRO FRANCISCO MANUEL SILVESTRE BALLESTEROS VAAMONDE naceu o 19 de abril de 1783 en Codeso e contraeu matrimonio aos 37 anos en Ribela o día 10 de xuño de 1819 con **María Josefa Felipa Juana Cayetana Gil Otero**, de 18 anos, filla de José Gil Taboada de María de las Nieves Otero e Leira, neta por liña paterna de Ignacio Gil Taboada¹³⁶ e de Josefa Zerracín de Arrocha

¹³⁴ARG.RA 15941/37

¹³⁵AHN. PL Cívís, Fernando Alonso (F),caixa 3054,1

¹³⁶Fillo de *Leonel Gil Taboada*, párroco de Ribela e tío do arcebispo compostelán Cayetano Gil Taboada

Montealbán, e neta por liña materna de Domingo Otero Sar e de Tomasa Leira Castro. María Josefa procedía, pois, da liñaxe dos *Gil Taboada*, de Ribela¹³⁷ (A Estrada) e dos *Leira Castro* dos Muros en Parada (A Estrada)¹³⁸. Casounos Frei Rafael Otero Leira, tío da noiva, gardián do convento de San Francisco de Betanzos.

Ambas familias tiñan “de oficio, caballero” (segundo consta nos libros parroquiais). Vivían no lugar de Matelo (Codeso), pois compartiu a herdanza co seu irmán Manuel, que vivía en Ardesende (Codeso) do concello de Boqueixón onde foi alcalde. Sen embargo, Alejandro e María Josefa alternaban a súa residencia pasando temporadas na casa de Ribela, onde Alejandro finou o 25 de setembro de 1848. Antes fixeran testamento ante o escribán Manuel Taboada, en Boimorto (Arzúa). Josefa morreu en decembro de 1869.

A casa de Ribela ten un escudo coas armas dos Gil Taboada. Trátase dun escudo partido. Primeiro cuartel: tres mesas ou paus recortados; bordura con oito caldeiras, dos Taboada. Segundo cuartel: unha torre, superada de tres estrelas de oito puntas, sinistrada dun león rampante asido a ela, dos Gil. Ten o escudo forma francesa e acompañao unha bordura pola que se deslizan os lambrequíns vexetais. Ao timbre unha coroa. Esta podería facer alusión ao título de Conde de Taboada, concedido con data 20 de outubro de 1683 a D^a María Teresa de Taboada e Castro, Figueroa e Vilamarín.

[illegible]

Escudo dos Gil-Taboada, Ribela

Foron fillos seus:

1.- Ramón Manuel M^a Ballesteros Gil,
(que seque)

2.- *Carmen Ballesteros Gil*, nacida en 1822 e casada en Codeseda o 19 de xullo de 1852 con *José Castro e Cortes*, propietario e comerciante. Ela morreu o 14 de decembro de 1872. Deixou por fillos a Cándido (1857-), Manuel (1858-18/5/1935, que se ordenou entre 1875-80 a título de patrimonio e foi cura en Caldas, en Cuntis e en San Miguel dos Agros, onde sucedeu en 1920 a seu curmán Manuel Ballesteros Gil. Estando de cura en Cuntis, en 1909 reclamou o dereito inmemorial das augas das burgas para os veciños e para a casa parroquial), Mercedes (1860-), Juan (1863-) e José Castro Ballesteros.

3.- *Francisca Ballesteros Gil*, nacida en 1825, morreu en 1848 solteira.

¹³⁷ BÉRTOLO, J.M.- FERRO, L.M. (2020) “Ballesteros. Ribela”. En *Torres, pazos e casas fidalgas da Estrada* <http://www.museo.aestrada.gal/>

¹³⁸ BÉRTOLO, J.M.- FERRO, L.M. (2020) “Correáns” en n *Torres, pazos e casas fidalgas da Estrada* <http://www.museo.aestrada.gal/>

4.- *Juan María Dolores Pedro Ballesteros Gil*, nacido en 1826, morreu o 12 de novembro de 1919. Casou con *Francisca Ferreiro* mestra en Lestedo.

Un fillo seu, *Jesús*, casou con Manuela Martínez Neira, que morreron por mor da gripe española en 1918/20. Foron pais de Carmen *Ballesteros Martínez* (1911-2011, casou con Manuel Freiría Mareque), de Jesús (mestre, veciño de Sarandón e casado con María Castela Estevez, sen sucesión, finou o 11/4/1980, tendo casado de novo con Carolina Mayo Manteiga), Carlos, Juan (1915- 2004, casado con Dolores Nodar Tallón, e fillos M^a Luisa, Dolores, Juan Jesús e Manuel, veciños da Coruña), María Teresa finada en xaneiro de 1989, Santiago, Luís(1916-2018, fotógrafo) e de Alejandro.

5.- *María del Socorro Ballesteros Gil*, nacida en 1827.

6.- *Joaquín Froilán María Ballesteros Gil*, nacido en 1829, morreu en 1897. Casou con Mercedes Castro Rosendo, de Cumieiro, filla de Ignacio e de M^a Carmen. Viviu un tempo en Ribela, onde tivo catro fillos. En 1877 foi nomeado fiscal municipal de Boqueixón e viviu en Ardesende. Finou en Codeso o 8 de setembro de 1897.Os seus fillos foron:

a) *Adolfo*, nacido o 7 de xaneiro de, de 1870 casou con María Roca Ferreiro, filla de José e Antonia, de Ribela, tendo en 1923 unha filla, *Graciana Ballesteros Roca*.Adolfo foi nomeado fiscal de Boqueixón en novembro de 1908.

Graciana en 1949 casou con Ángel Rey Vazquez (1921-) e tiveron unha filla e dous fillos, un dos cales foi o escritor **Anxo Rey Ballesteros**(1952-2008), autor das novelas “*Dos anxos e dos mortos*”, “*Loaira*”, etc.

b) *Amalia Petra* naceu o 13 de maio de 1871 e casou con Jesús Carnero Boo o 23 de novembro de 1918 en Ponte-Ulla.

c) *Isolina Juana Amalia* naceu o 7 de febreiro de 1874.

d) *Jesús*, naceu en 1877 e morreu en 1896.

7.- *Antonia Joaquina Ballesteros Gil*, nacida en 1831. Finou na reitoral de Lestedo o 14 de marzo de 1915.

8.- *Pedro Pablo Ballesteros Gil*, nacido en 1833, morreu tras unha moi longa enfermidade en 1916. Foi cura párroco en Lestedo durante 57 anos.

9.-*Santiago Policarpo de los Dolores Ballesteros Gil*, nacido en 1836.

10.- *Juana Ballesteros Gil*, nacida en 1838, morreu en 1919. Casou con *Andrés de la Torre Moscoso* (nove anos máis novo) e tivo unha filla, *Mercedes*, que viviu en Engas e que casou con *Manuel Fernández Méndez*, veciño de Foxáns (Touro). Estes tiveron una filla M^a *Victoria Fernández de la Torre* que foi esposa do médicoe alcalde de A Estrada don *Manuel Reimóndez Portela*, “o médico dos pobres”.

11.- *Tomás Manuel Ballesteros Gil*, nacido en 1841, cura de Codeso onde fixo a igrexa parroquial, segundo consta nunha inscrición sobre a porta principal da igrexa.Logo alcipreste de Ribadulla ata 1917. Estivo de cura de Codeso desde 1875 ata a súa morte, o 11 de decembro de 1930.

12.- *Manuela Ballesteros Gil*, nacida en 1843.

13.- *Ricardo Ballesteros Gil*, nacido en 1846. Trala morte dos seus pais, os fillos repartíronse a herdanza, aínda que Ricardo, solteiro, estaba ausente en América. Ao volver veu que había un error na súa contra de 879 pts., polo que llo comunicou a seus irmáns, e entón estes en 1883 cedéronlle as rendas de Ribela que os irmáns Rosende, de Matalobos, non quixeran pagar. Ricardo aceptou e puxo demanda por esas rendas exhibindo copia do contrato de foro que databa de 1690 feito polo priorado de Sar a

Domingo Vázquez Vaamonde. Pero perdeu o preito.

RAMÓN MANUEL MARÍA BALLESTEROS GIL, naceu en Ribela o día 21 de xullo de 1821 e aos 42 anos contraeu matrimonio o 31 de marzo de 1864 na parroquia de Santa María de Fonsagrada (Lugo) con **Inocencia Curiel Osorio**, natural de Fonsagrada e filla de Manuel, veciño de Cereixal (Becerreá) e de Ramona, veciña de Doncos (As Nogais)

O 20 de marzo de 1846 foille expedido o título de avogado tras estudar na Universidade de Santiago. En 1850-51 foi “*individuo de la Junta Estadística*” do distrito de Boqueixón. En 1852-53 foi concelleiro de Boqueixón, o 22 de maio de 1855 “*delegado de los caminos vecinales des distrito de Boqueixón*” e nomeado “*presidente de la Municipalidad*” desde agosto de 1854 a 30 de xullo de 1856, sendo a partir do 1 de xaneiro de 1857 xuíz de paz. logo estivo en Cambados a partir do 9 de febreiro de 1875 e en Lugo a partir do 11 de marzo de 1878 “*por ser o máis antigo dos*” O 28 de maio de 1862 solicitou ser rexistrador da propiedade coa recomendación de don Juan Armada, o V marqués de Santa Cruz, e foi nomeado o 27 de setembro de 1862 rexistrador da propiedade en Fonsagrada, *aspirantes*”. Cando estaba en Cambados, foi multado o 31 de agosto de 1875 con 150 pts. por irregularidades detectadas en Fonsagrada.

Como non vivían en Ribela, a casa foi utilizada un tempo polo seu irmán Joaquín Froilán. Ramón morreu o 19 de outubro de 1884 ao parecer a causa dunha gangrena.

Foron seus fillos:

1.- **Manuel María José Cándido Carlos Ballesteros Curiel**, nacido en Fonsagrada o 28 de xaneiro de 1864, dous meses antes de casarse os pais (aínda que na partida de bautismo dise que son matrimonio).

Manuel, solteiro, fíxose cargo de seus irmáns máis novos, Ramón e Julio, ao morrer seus pais. En 1899 foi elixido tenente de alcalde de A Estrada. Traballou como fiscal en A Estrada desde 1903 a 1909. Logo foi secretario de concello en diversos lugares como Forcarei, Antas de Ulla (1925), Vilariño de Couso (OR), Barro, Boborás (desde febreiro de 1926 ata o 20 de setembro de 1927), logo desde Boborás pasou a Lalín, Irixo e a comezos de febreiro de 1932 a Boimorto. En agosto de 1922, despois de que o alcalde de Forcarei se pasase ao bando do Marqués de Riestra, a Corporación destituíu a D. Manuel Ballesteros como secretario por desobedecer ao alcalde e ser sospeitoso de apoderarse dunhas actas e documentos. Seguramente a causa real da destitución foi que el non cambiara de bando e seguía sendo socialista e republicano. Esta é tamén a razón pola que durante a Guerra Civil, a pesar da súa idade, tivo que se exiliar tralo oportuno aviso do seu irmán Julio, xa que estaba incluído na lista de xente que os mandos entregaron ao capitán D. Julio para que lles aplicase a lei. Quizais os seus últimos anos os pasou en Vigo, xunto a seu irmán Julio, aínda que tamén se dixo que pasara ao estranxeiro, seguramente á América. Antes vendera a súa casa de Forcarei aos Pichel.

2.- *María del Socorro Cándida*, naceu en Fonsagrada o 29 de xuño de 1866. Seus padriños foron seus tíos maternos Cándido e Carlota Curiel Osorio.

3.- *Pío Manuel Ramón Ballesteros Curiel*, naceu en Fonsagrada o 28 de xuño de 1867. Seus padriños foron Manuel Barreiro, farmacéutico, e Manuela Crespo, veciños de Fonsagrada.

4.- *Ramona Ballesteros Curiel* naceu en Fonsagrada o 5 de marzo de 1869.

Tivo por padriños á súa avoa Ramona Osorio e seu tío Manuel Curiel.

5. *Amalia Ballesteros Curiel*, naceu en Fonsagrada o 22 de abril de 1870. Seus padriños foron a súa avoa Ramona Osorio e seu tío Manuel Curiel.

6.- *Eulalia Ballesteros Curiel*, naceu en Fonsagrada o 6 de abril de 1873 e tivo a seus tíos Socorro e Manuel Curiel Osorio por padriños.

. 7.- **Ramón María Justino Julián Ballesteros Curiel**. (*que segue*)

8.- **Julio Ballesteros Curiel**, nacido o 22 de xullo de 1882 na cidade de Lugo, contraeu matrimonio aos 45 anos o día 5 de decembro de 1927 en Cortegada con **Celsa Ramona Castro Carpintero**, de 27 anos, filla de Ladislao e Emilia, veciños de Cortegada de Baños (Ourense). Faleceron en dita vila Julio o día 25 de xaneiro de 1952 e Celsa o 20 de setembro de 1981.

No verán de 1905, aínda que xa era sarxento do rexemento Zamora en Ferrol, examínase na Escola Normal de Santiago e obtén o título de mestre de primeiro ensino. En 1915 era tenente de infantaría e marchou para Alcazarquivir en 1917 participando na guerra que houbo no Protectorado Español en África, onde obtivo varias medallas. Retírouse o 7 de febreiro de 1927 co grado de capitán, pero uns meses antes xa se integrara no Corpo de Seguridade de Pontevedra como tenente-xefe, exercendo en Vigo. Ao proclamarse o Alzamento Nacional, presentouse inmediatamente como voluntario e incorporouse ao Rexemento de Infantaría Zaragoza nº 30, prestando servizos de Campaña desde o 1 de setembro de 1936 ata o 21 de febreiro de 1937 en que foi ferido



Julio Ballesteros Curiel

por metralla sobre todo na perna esquerda, con rotura de tibia, en Lubrios del Naranco (Asturias). Aos poucos días de ser ferido e ante a falta de oficiais, o seu heroísmo e valentía fíxolle pedir ao director do hospital que lle dese o mando dunha zona de Oviedo e que “*si no hay coche, que me lleven en una silla o en brazos al puesto de trincheras*”. Foi condecorado con dúas Cruces de Guerra, tres Cruces Roxas e a Medalla da Campaña, e retirouse como comandante.

Outra mostra do seu carácter cóntaa, nunha carta á súa viúva, Cándido Curiel de Fonsagrada que o visitou no Sanatorio de Oza (A Coruña): “*Me preguntó que cual era el objeto de mi visita. Como es natural, puse en su conocimiento que acaba de ser movilizado y que no me vendría mal (como buen gallego) que esperaba su valiosa ayuda con miras a eludir ‘dar el pecho’.- Su reacción me dejó frío y más o menos consistió en lo siguiente: ‘con gallinas coma tú, será imposible salvar la patria’. Regresé a casa, como suele decirse con el rabo entre las piernas*”.

A pesar da súa fidelidade ao bando nacional, quizais por ter acollido a seu irmán, caeu en desgraza e foille conxelado o seu retiro para sempre.

Colaborador da Voz de Galicia, Vida Gallega, Diario de Galicia, El diario de Pontevedra, etc., ten asinado interesantes artigos de divulgación cultural e crítica artística, por exemplo, “Bujados y Asorey” (16/1/1915), onde mostra a súa vasta cultura e o seu fino espírito crítico. Tamén deu conferencias en Madrid e en

Pontevedra¹³⁹.

Compañeiro de Bouza Brei, con quen colaboraba, tamén era investigador, filólogo e escritor, tendo publicados varios libros utilizando o pseudónimo de O'Juliel Becuri. As súas obras máis destacadas son: *Triunfo de Marte* (1918), *Cervantes, rector de Colegio.Pedagogía del Quijote*¹⁴⁰ (1919), *Memorias de María Luisa. Como piensan las solteras desde los 14 a los 48 años.* (1920), e *Verbo de los Arginas. Jerga-latín de los canteros* (1930). Esta obra supúxolle ser o pioneiro no estudio de dita xerga e aínda que non era filólogo profesional destacaba pola súa cultura.

Tamén recibiu unha medalla de ouro pola súa colaboración no monumento a Rosalía de Castro en 1917.

Tivo por fillos a:

1.- *Julio Ballesteros Castro*, avogado e casado en Foz con Palmira Andrade, tivo dous fillos: Paula e Julio, que casados viven en Vilaronte e Burela respectivamente.

2.- *Jesús Ballesteros Castro*.

3.- *María Inocencia Ballesteros Castro*.

4.- *Emilio Ballesteros Castro*, médico, casado con Josefa Baños Ríos (1941-7/2/2015), tivo dous fillos: Emilio e Julio. Viviu en Nava (Asturias) onde foi elixido alcalde por el PSOE (1983), sendo posteriormente (1987-1991) conselleiro de Interior e Administración Territorial do principado de Asturias, posto ao que renunciou en 1991 para ser de novo alcalde. Finou o 16 de agosto de 2017.

Debía ser un home de temple, como seu pai. Cando se iniciou o intento golpista de 1981, presentouse no cuartel da Benemérita, repartiu uns puros e advertiu: "*La máxima autoridad, conferida por el pueblo, soy yo. De aquí no se mueve nadie*". E marchou cara o Concello onde celebrou Pleno e emitiu un comunicado en defensa da democracia.

Tamén o seu fillo Emilio, casado con Begoña Terán Pérez, pais de dous fillos, foi alcalde de Nava por APN (*Asturianistes por Nava*) en 2011.

5.- *Celsa Ballesteros Castro*, solteira.

RAMÓN BALLESTEROS CURIEL

Foi bautizado en Cambados o 29 de xaneiro de 1877 cos nomes de *Ramón María Justino Julián*. En 1901 foi nomeado mestre para Vilachán (Tomiño). En 1903 pasou para a escola de Campo (Covelo), en 1905 para a de Berres (A Estrada), en 1906 para a de Ribela e en 1909 para a de Soutelo de Montes, onde contraeu matrimonio o 23 de setembro de 1909 con M^a



Emilio Ballesteros Castro



Ramón Ballesteros

¹³⁹Diario de Pontevedra 11/5/1727

¹⁴⁰No "Compostelano" 28/12/1920 hai unha crítica deste libro por Ortiz Novo.

Ramona Elena Gutiérrez Pérez nacida en Soutelo de Montes o 16 de abril de 1889. En 1912 participa nunhas oposicións restrinxidas.

Ramón faleceu o día 10 de setembro de 1931 e **Ramona** faleceu o 30 de maio de 1969, ambos en Soutelo.

Os avós paternos de Ramona Gutiérrez foron **Manuel Gutiérrez Fernández**, nacido sobre 1818, fillo de José e de María, de San Pedro de Navarro, concello de Gozón (Asturias) e **Ramona Álvarez Builla**, que naceu o 11 de marzo de 1820, natural de Melón (Ourense) filla de Manuel Antonio Álvarez-Builla e Álvarez-Mijares¹⁴¹, e de Ramona Mariño de Ávila.

Manuel Gutiérrez e Ramona Álvarez-Builla vivían en Soutelo nunha casa onde comeza actualmente a carretera que vai cara Pardesoa.

Ramona finou en Soutelo 30 de maio de 1860 dun mal parto, mentres que Manuel foi sepultado o 13 de abril de 1890, pois finou aos 73 anos dunha bronquite aguda tendo outorgado testamento o 5 de febreiro de 1890 ante o notario pontevedrés Valentín García Escudero.

No testamento Manuel deixa a casa onde vive¹⁴² como mellora á súa filla Carmen, se ben esta ten que compensar a cada un dos sete irmáns con 50 pts. Dous anos antes xa acordara cos seus fillos e xenros o reparto da herdanza da súa muller e nai dos seus fillos.

Tiveron nove fillos, entre eles **Ángel** (que segue):

Ángel Gutiérrez Álvarez-Builla casou con **Pilar Pérez Álvarez**, filla de Bernabé Pérez e Andrea Álvarez, veciños de Señorín (Carballiño). Ángel, que era mestre de primaria e comerciante, mercou a casa que estaba a carón da do seu pai, o 15 de marzo de 1880 ante o escribán de Folgoso don Ricardo Luces Miranda por 2.500 pesetas a Dolores Vázquez, viúva de Juan Torres, pois ela debíalle 1.000 pts. Nesa casa puxo o comercio e viviu e aínda é propiedade dos seus descendentes.

Como mestre, tomou posesión da escola de Soutelo o 27 de xaneiro de 1873, logo foi dotado con 500 pts polo concello de Forcarei en 1887. En 1895 dise que é un mestre de cuarta clase no escalafón e que leva 17 anos e catro meses de servizo. Foi entón cando pide a xubilación por incapacidade física, o que se concede en marzo de 1896. A incapacidade era debida a unha xordeira parcial, pola que foi alcumado co nome de “xordo”, sobrenome que aínda perdura nos seus descendentes.

Unha vez xubilado actuaba como un dos recadadores do concello de Forcarei.

Pilar finou o 4 de novembro de 1911 e Ángel en setembro de 1923. Tiveron sete fillos entre eles **Mª Ramona**, obxecto desta digresión

Ramón Ballesteros Curiel exerceu como mestre en Soutelo de Montes. A súa

¹⁴¹ Manuel Antonio Álvarez-Builla, “un asturiano rico, hombre de gran influencia en el país”¹⁴¹, nacera o 3 de novembro de 1.784 e foi bautizado en San Nicolás de Avilés, fillo de José Álvarez-Builla e Varela, caldereiro, natural desa parroquia, e de María Álvarez-Mijares, natural de San Juan de Villa, no Concello de Corvera (Asturias). E neto por vía paterna de Manuel Álvarez Builla e de María Varela, da parroquia de san Nicolás de Avilés, e por vía materna de José Álvarez Millares, natural de San Juan de Villa, e de Josefa García Hevia, natural de san Esteban de Molleda. O seu padriño foi Manuel García Hevia.

Uniuse en matrimonio o 10 de outubro de 1.808 (San Nicolás de Avilés) con Ramona Mariño de Ávila, filla de Domingo Mariño (falecido antes de 1.808) e de Francisca de Ávila, ámbolos dous de San Nicolás de Avilés. Este matrimonio tivo polo menos 12 fillos, sendo a cuarta Ramona.

¹⁴² Actualmente pertence a Isabel Edreira Armesto.

viúva vendeu a herdanza que lle correspondera ao marido, situada no lugar de Carracedo, moi próximo de Ribela. Foron seus fillos:

1.- *Ángel Ballesteros Gutiérrez*, que naceu o 2 de agosto de 1910 en Soutelo, onde casou o 22 de setembro de 1945 con *Elena Senra Moreira*, de vinte e nove anos, veciña de Tourón, sendo testemuña o seu cuñado Julio Bértolo. Tivo dous fillos: Elena e Ángel (+6/9/1996), ambos con descendencia. Morreu o 7 agosto de 1996.



Ramona con Julio e Ángel

2.- *Julio Manuel Ballesteros Gutiérrez*, nacido o 21 de abril de 1912 e bautizado ao día seguinte sendo os padriños o seu tío Manuel Gutiérrez e Carmen Torres, a súa primeira esposa. Foi becado para estudar maxisterio ao quedar orfo, e o 20 de setembro de 1934 recibiu o título de mestre. En 1936 foi destinado como mestre interino para Meavía (Forcarei). Casado con *Dolores Alonso Medeiros* o 16 de marzo de 1940 na igrexa do Sagrado Corazón en Vigo. Tivo dous fillos: *Julio* e *José Ramón*, ambos casados e con descendencia.

3.- *César Ballesteros Gutiérrez*, nacido o 3 de xuño de 1915 e casado o 17 de abril de 1940 con *Encarnación Guillén Belmonte* en Cascante del Río (Teruel), tivo cinco fillos: *José, Pilar, Dolores, Enrique* e *Rosa María*, con descendencia.

4.- *José Ballesteros Gutiérrez*, nacido o 20 de xaneiro de 1914 e que morreu de mozo o 8 de setembro de 1935. Por vontade da familia e a raíz do seu enterro, seica se abandonou o costume en Soutelo de que os que acudían ao enterro tivesen a posibilidade de comer e beber nos bares do pobo á conta da familia do defunto.



5.- *Mª del Pilar Carme Ballesteros Gutiérrez*, nacida o 11 de novembro de 1916 e bautizada ao día seguinte, sendo seus padriños o seu avó Ángel e a súa tía Carmen Gutiérrez. Casada o 22 de marzo de 1940 con *Julio Bértolo Viéitez*, de 32 anos, fillo de José e Rosa.

En 1970 foi elixida concelleira de Forcarei. Tiveron cinco fillos: *Julio, Pilar, Ramona, Ana María e José Manuel Bértolo Ballesteros*, todos casados e con descendencia. Mª del Pilar finou o 30 de agosto de 2004.

6.- *Ramón Ballesteros*, nacido o 10 de marzo de 1926, morreu o 22 de setembro de 2004. Casou o 17 de decembro de 1949 con *Emérita Alberte Bértolo*, de vinte e catro anos, filla de Adolfo e Delfina. Sen descendencia.

APENDICE

MANUEL MIGUEL JOSÉ ENRIQUE BALLESTEROS VAAMONDE, fillo de Ramón Ballesteros Villar e de Ana María Vaamonde Cortes, (**ver páx. 37**) natural de Codeso (Boqueixón), bautizado o 26 de decembro de 1780, en 1789 foi ordenado de ordes menores, xunto co seu irmán Pedro. Contraeu matrimonio en Ribela o 8 de xaneiro de 1825 con **Juana María Cayetana Gil Otero**, nacida en Ribela o 18 de abril de 1802, filla de José Gil Taboada e de María de las Nieves Otero e Leira. Tanto unha familia como a outra teñen emprego de cabaleiros.

Residían no lugar de Ardesende en Santa Eulalia de Codeso, onde faleceron, Juana á idade de 41 anos, o 6 de outubro de 1843 e Manuel o 27 de marzo de 1883, personaxe lonxevo ("*morreu de debilidad*" dise na partida de defunción), xa que alcanzou a idade de 102 anos. Foi alcalde de Boqueixón en tempos do xeneral Espartero de 1841 a 1842 e de novo entre 1854 e 1856. Fixo testamento ante D. Manuel Vázquez Taboada, notario do distrito de Arzúa, o 18 de novembro de 1853.

No testamento confesa acharse posesor do morgado fundado por Gonzalo de Villar e a súa esposa Juana Porrúa ao que pertence a casa de Monteagudo en San Xurxo de Codeseda, e o máis que resulta de dita fundación. E por parte da súa nai, tamén herda un vínculo fundado polo capitán D. José Vázquez Vaamonde, sito no antigo Coto de Codeseda.

Aproveitando a Lei de Desamortización, o 20 de outubro de 1855 solicitou a redención do foro dunha casa, sita en Rúa do Vilar, nº 21 en Santiago pola que pagaba 204 reais anuais, 104 ao Cabido e 100 á Confraría de Nª Sra. del Rosario. Aceptóuselle a súa petición en 1860, pero tendo que pagar 2.040 reais en dez anos, polo que en 1861 xa pagou os dous primeiros prazos.

Tiveron por fillos:

1.- *Antonio Francisco Manuel Alejandro del Socorro Ballesteros*. Naceu en 1827 e finou solteiro o 18 de xuño de 1895 en Codeso. Alcalde de Boqueixón entre 1875 e 1877.

2.- *José Mª Cayetano Ballesteros Gil*, nacido o 29 de xullo de 1828, avogado, que casou con *Mercedes Casal Rodríguez*, nacida o 12 de outubro 1852, de Sardiñeiro (Corcubión), filla de Manuel Casal Figueroa e de Mercedes Pilar Rodríguez, neta por parte de pai Juan Manuel Casal Patiño e de María Figueroa Porrúa, e bisneta de Antonio Casal Seoane e de Antonia Patiño Porrúa.

En setembro de 1878 José Mª foi nomeado deputado pola provincia da Coruña e en 1880 vicepresidente da Deputación da Coruña. Morreu en Corcubión o 17 de marzo de 1893. Xeraron seis fillas:

- a) *Mercedes Ballesteros Casal* (28/8/1881 a 1961) casou con *Arturo Ramón Carrera* (1882-1961), e tiveron por fillos:
- *Francisco Ramón* (19-7-1912 a 1991), casado con Ana M^a Casado Solano, era profesor mercantil e colaborador de prensa, escribiu “*Fantasías y realidades de la Costa da Morte*”, “*Oscurantismo fisterrano*” “*Males de aireada*”, etc.
 - *Mercedes Josefa Ramón Ballesteros* (20/8/1913-). Foi mestra. Finou Josefa (Pepita) o 6/7/2015 en Corcubión.
 - *Antonio Paulino* (4/5/1915 a 1978), casou con Carmen García Otero, (1926-). ¿Antonio foi ferido no Castillo Olite?. Tiveron por fillos a María Jesús (+4/12/2013), Mary, Mercedes, Charo, Lola, Carlos y Javier.
 - *Carlos Jacinto* (8/11/1916 a 2004) casado con M^a Jesús Moar Viqueira (1923-1950) e logo con Carmen López Chaves Melendres (1935-2004).
 - *Carmen Lidia Antonia Ramón Ballesteros* (27-3-1918-), co apelativo de “Menecha” finou o 19/1/2011.
 - *Dolores Ramón Ballesteros* (27-5-1919-) Finou en Corcubión o 20/12/2014.
 - *José María Ramón* (20/5/1921 a 1983) casado con Emilia Feijoo Vázquez.
 - *Ramiro Abelardo Ramón Ballesteros* (7/4/1922 morreu de meniño)
 - *Consuelo Ramón* (1923-25/2/2015), casada con Gonzalo Teixeira López (1916-2001). Consuelo (Chelo) finou en Corcubión o 25/2/2015. Tiveron dúas fillas Consuelo e Mercedes que casaron con Juan Ramón Fabeiro Gómez e con Francisco Caamaño Domínguez respectivamente.
- b) *Josefa Ballesteros Casal* (16/9/1885 a 1974)
- c) *Dolores Ballesteros Casal* (1873-), casou con *Patricio Ripoll*. Seus fillos:
- *Gloria Ripoll Ballesteros* (1899 a 1984) casada con Antonio Barcala Alonso (1900 a 1982)
 - *Manuel Ripoll Ballesteros*.
 - *Mercedes Ripoll Ballesteros*
 - *Carlos Ripoll Ballesteros*, sacerdote.
 - *Angélica Ripoll Ballesteros*, casada con Lucas Llama.
- d) *Carolina Ballesteros Casal* (Corcubión 1875-Roma 1957), casou con Jacinto García. Seus fillos:
- *Pilar García Ballesteros*, casada con Antonio García.
 - *Carolina García Ballesteros*, casada con Andrés Cerdeiras.
 - *Mercedes García Ballesteros*, casada con Segismundo Gutiérrez
 - *Alejandro García Ballesteros*, (1912 a 1939)
- e) *Consuelo Ballesteros Casal* (1879-1973), que casou con *Jesús Castro Rey* (1868 a 1944), e tiveron varios fillos:
- *Carmen Castro B.* (1900-1982), casada con *José M^a Ballesteros Fdez.*
 - *José María Castro Ballesteros* (1903-16),
 - *Jesús Castro Ballesteros* (1911-).
 - *Mercedes Castro Ballesteros* (1913-18/2/2001)
 - *Juan Castro Ballesteros* (1915-4/3/2001)
- f) *María Ballesteros Casal* (1888-1963) casou con *Manuel Sendón Amado* (+1956), e tiveron varios fillos:
- *José Sendón Ballesteros* (1922-) casado con Pilar Trillo Durán.
 - *Cándido Sendón Ballesteros*, casado con Olga Rico Durán.
 - *Pedro Sendón Ballesteros* (1926-) casado con Pilar Ruíz Ramírez.
 - *Jesús Sendón Ballesteros* (Coruña, +2008), casado con M^a Isabel Ramírez

Escudero. Con descendencia.

- *Gloria Sendón Ballesteros*, casada con José M^a Spiegelberg Buisen.

3.- *Alejandro Ramón Ballesteros Gil*, nacido en 1829.

4.- *Josefa Ramona*, nacida en 1830, morreu solteira o 30/10/1918.

5.- *Manuel de Jesús e María Ballesteros Gil*, nacido en 1833, cura de Besomaño, de Saiar (Caldas) e de Cuntis en 1878. Foi el quen sendo cura de san Miguel dos Agros (para onde foi nomeado en novembro de 1892), pagou o retablo do altar maior de Codeso. Deixou unha beca para seminaristas que fosen veciños de Codeso e, se non houbese, de san Miguel dos Agros. Finou o 29 de xullo de 1920.

6.- *Teresa Ballesteros Gil*, nacida en 1837. Morreu solteira.

7.- *Dolores Ballesteros Gil*, nacida en 1839. Morreu solteira.

8.- **Vicente Fernando Ballesteros Gil** (*que segue*)

9.- *Juan Ballesteros Gil*, que foi médico e finou en san Pedro de Vilanova (Ulla) o 2 de decembro de 1897.

VICENTE BALLESTEROS GIL, naceu en Santa Eulalia de Codeso, Boqueixón, o 28 de maio de 1840 e foi bautizado ao día seguinte, sendo seus padriños Alejandro Ballesteros Vaamonde, tío paterno, e súa esposa Josefa Gil, tía materna, veciños de Santa Eulalia de Codeso.

Contraeu matrimonio con *Manuela Ramona Felisa Antonia Pía Fernández Ferrer*, bautizada el 24 de novembro de 1859 na parroquia de Sta. M^a de los Ángeles de San Vicente da Barquera (Santander), filla de D. José Fernández Mosquera, doutor en medicina e de Luisa Ferrer Ibáñez veciños da Barquera e naturais de Santiago. Manuela era neta por vía paterna de Manuel Jacobo Fernández Mariña de Sta Uxía de Ribeira e Josefa Mosquera Taboada de Caldas de Reis e por vía materna de José Ferrer Varela, natural de Santiago, e María Ibáñez de Andrés García, natural e veciña de Santiago.

D. Vicente exerceu de avogado e residía en Caldas de Reis, de onde foi fiscal municipal desde 1899. Eran os donos do *pazo de Monteagudo*, seguramente por herdanza, xa que seu irmán maior Antonio morreu solteiro e José María herdou as posesións de Codeso.

Finou en Santiago (parroquia de san Miguel dos Agros) o 15 de decembro de 1899 e Manuela finou o 12 de xuño de 1926. Tiveron por fillos a Carmen, Pilar, María (casada o 27 de abril de 1912 con *Narciso Rianza Mateo*, vicesecretario da Audiencia de Salamanca, e tiveron oito fillos) e **José María Manuel** (*que segue*)

JOSÉ MARÍA MANUEL BALLESTEROS FERNÁNDEZ, nacido en Caldas de Reis, o 28 de febreiro de 1899, os padriños do bautizo foron seus tíos José de Castro e Cayetana Gil. Contraeu matrimonio en Corcubión o 17 de xullo de 1934 coa súa curmá, nacida o 13 de outubro de 1899 e natural de Corcubión, filla de Jesús Castro Rei e de Consuelo Ballesteros Casal veciños de Corcubión, e neta por liña paterna de Domingo Castro e Concepción Rei e neta por liña materna de José M^a Ballesteros e Mercedes Casal. Deste matrimonio non quedou descendencia. José María era doutor en medicina, fundador do sanatorio da Merced de Santiago, ingresou o 1 de xaneiro de 1922 na Confraría do Rosario de Santiago de Compostela, á que a familia Ballesteros pertencía xa desde 1600.

Faleceu José María na súa casa na rúa Virxe da Cerca en Santiago, o 20 de febreiro de 1945 aos dous días de ter un accidente automobilístico en Ordes, sendo enterrado no cemiterio da Real e Ilustre Confraría do Rosario desta cidade. Na nota necrolóxica, ademais da súa esposa, irmás e nai política cítanse a seus oito sobriños

“Riaza Ballesteros”.

A súa esposa, Carmen, pasou en venda a herdanza de Monteagudo ao Seminario Conciliar de Santiago de Compostela, segundo escritura realizada ante o avogado e notario de A Coruña D. José María Álvarez Martínez-Taladrid de data 7 de outubro de 1948. Logo ingresou no convento das Madres Reparadoras, primeiro de novicia en Madrid, pasando logo a Santander e finalmente en Valladolid, onde finou o 25 de setembro de 1982.

No seu pazo de Monteagudo ou na súa casa de Santiago na rúa Virxe da Cerca



Pazo de Monteagudo en restauración



José María e a súa muller en 1944

estaba un tapiz coas armas dos Ballesteros-Gil. Ao morrer José María e Carmen profesar no convento, repartiron as cousas entre os familiares, como por exemplo a cubertería que pasou á casa da súa nai Consuelo Ballesteros Casal. Por iso dito tapiz estivo na casa dos irmáns Castro-Ballesteros ata hai poucos anos, e na actualidade está en Berdeogas na casa de Pedro Sendón.

O tapiz ten un escudo partido, e no primeiro cuartel, as armas dos Ballesteros (dúas béstas estilizadas e a lenda: *soy de los ballesteros*), Pimentel (cinco estrelas) e Villar (tres bandas), e no segundo cuartel armas dos Gil (león con torre e estrelas), un león ou lobo a inquirir, e as dos Mendoza (cuartelado en aspa 1 e 4 unha banda cargada dunha cortiza; no 2 letras de *ave maria* e no 3 *gratia plena*).



Tapiz coas armas dos Ballesteros-Gil

Foron, pois, na liñaxe Ballesteros os últimos posesores da casa solar de Monteagudo. José María Ballesteros Fernández construíu unha porta na parede norte baixo o escudo e no lintel da mesma fixo gravar as súas iniciais J. B. F., que o destino quixo que se correspondesen coas do actual propietario.

FONTES DOCUMENTAIS

Arquivo Catedralicio de Santiago. (ACS)
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.(AHPP)
Arquivo Histórico Nacional. (AHN)
Arquivo Municipal da Coruña, (AMC)
Arquivo Notarial da Coruña (ANC)
Arquivo do Reino de Galicia. Real Audiencia. (ARG)
Arquivo Histórico Universitario de Santiago.(AHUS)
Arquivos Diocesanos de Lugo e de Santiago.
Arquivos parroquiais varios.
Documentación particular de Emilio Ballesteros Castro.

Actas I Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego. Ourense
BERTOLO, JM-FERRO,L.M. *Torres, pazos e casas fidalgas da Estrada*.
<http://www.museo.aestrada.gal/>
COMOXO, X.-SANTOS, X (1997) *A heráldica nas terras de Rianxo. Brasóns e liñaxes*. Deputación da Coruña.
DE LA PEÑA, C. (2012) “Avoengo dos Msquera do Pazo de Vilariño” en *Boletín de Estudios de Genealogía Heráldica y Nobliaria de Galicia*, nº 10,Pontevedra
DE LA PEÑA VIDAL, C., (2003)*Os Varela de Casalnovos e Buzaca*, El Museo de Pontevedra, LVII,
FERRO, L.-BÉRTOLO, J.M. (2013) *Casa dos Araújo en A Ponte (Ribeira. A Estrada)*.Nalgures. A Coruña. (páx.101-125). <http://www.estudioshistoricos.com/>
GARRIDO CASTROMAN, D. (2007)*Cortegada, Una isla real*, Deputación de Pontevedra,
GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1987) *Luís López-Ballesteros (1782-1853)*, Fundación Barrié.
LESMES FRIAS, (1915) *La provincia de Castilla de la Compañía de Jesús desde 1863 hasta 1914*. Bilbao-Deusto.
REVUELTA GONZALEZ, M. (1984) *La Compañía de Jesús en la España contemporánea: Supresión y reinstalación*. Madrid: Universidad Pontificia de Comillas